

Albela

REVISTA CULTURAL DE APELÓN EDUCACIÓN · Nº 3 · 2021

Apuntamentos para un estudo da arquitectura dos cascos vellos de Mugardos

José García Castro Páx. 10

Andrés Balsa Antón, o campión mugardés

Miguel Rodríguez Páx. 26

Por un bocadiño de nada

Vero Rilo Páx. 46

La Redonda como un sueño

José Sousa Páx. 18

A Cultura, unha semente de Liberdade no medio do deserto

Sema Pérez Páx. 36

Centenario da Institución Escolar Franza y Seijo (1921-2021)

M. Rodríguez e J. Gómez Páx. 48

Ricardo Carvalho Calero en A Cabana, Mugardos, O Seixo

Bernardo Máiz Vázquez Páx. 60

A finca de Villalobos

Vera Varela Páx. 22

Isolina Montero, muller coraxe

José Manuel Varela Páx. 42

Terrorismo da paisaxe

Javier Sánchez Páx. 56

Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva Casino Mugardés

Manuel López Páx. 64





PRESIDENTA

Gabriela Sánchez Cortizas

VICEPRESIDENTA

Francisca Pérez Bouza

SECRETARIO

Javier García Dieste

TESOUREIRO

Juan Fernández Ameneiro

VOGAIS

Jacinto Núñez Martínez

Aída Cortizas Rodríguez

Paola Alonso Rivera

Patricia Rivera Romero

Ramón Bello Blanco

Ana Sánchez Cortizas

Juan Luis Iglesias Núñez

ENDEREZO

Local Sociocomunitario

Municipal de Mugardos

Rúa Fene, 5

15620 Mugardos

A Coruña

E-MAIL

apeloneduccion@gmail.com

REDES

facebook.com/apeloneduccion

instagram.com/apeloneduccion

twitter.com/ApelonEducacion

Albela

NÚMERO 3 · 2021

DEPÓSITO LEGAL C 1488-2021 · ISSN 2792-5056

EDITORA

Asociación Cultural

Apelón Educación

Mugardos (A Coruña)

DIRECCIÓN

Gabriela Sánchez Cortizas

COORDINACIÓN

Javier García Dieste

DESEÑO, DIRECCIÓN DE

ARTE E MAQUETACIÓN

César Pena

PORTADA E FOTOGRAFÍA

EDITORIAL

Álvaro Lamas

Lost in Woodlands

Photography

COMITÉ DE REDACCIÓN

Javier García Dieste

Gabriela Sánchez Cortizas

Juan Fernández Ameneiro

Juan Luis Iglesias Núñez

REVISIÓN DE TEXTOS

Francisca Pérez Bouza

Gabriela Sánchez Cortizas

César Pena

TIPOGRAFÍAS

Earwig Factory

Raleway

Manuale

AaBbCc 123

AaBbCc 123

AaBbCc 123

Albela, Revista cultural de

Apelón Educación é unha revista plural, que serve de foro de debate.

O Equipo Directivo respecta en todo momento a opinión e o idioma dos textos dos seus colaboradores, pero non se fai responsable, nin ten por que identificarse necesariamente coas opinións expresadas.

Editorial

Durante a longa noite de pedra non houbo biblioteca municipal en Mugarbos. Só se contaba cuns pequenos espazos de lectura e coleccións de libros en entidades recreativas e culturais, iso si, debidamente expurgadas e censuradas. Tamén din, en voz baixiña, que existía un servizo de préstamo de libros —prohibidos!— na lancha da Maestranza.

Coa chegada da democracia, chega tamén a Mugarbos a Biblioteca Municipal. Instálase nos baixos do concello e é das primeiras en abrir de toda a volta, xa que a ausencia de bibliotecas era o habitual nos pobos da contorna.

Os que xa tedes unha idade seguro que lembrades o primeiro local: as coleccións de libros de *Los Cinco*, as de Agatha Christie e as novelas románticas e de guerras que lestes de cabo a rabo, e compartistes, aínda que agora non o confesades nin baixo tortura!

Foi un momento grande para moitas e moitos: un lugar onde poder traballar, unha boa colección de fondos a disposición de todo o público e un lugar para quedar coas amizades para logo ir por aí, xa co libro emprestado baixo do brazo... e miúdas leas tiñamos co bibliotecario de entón! A diversión era moita e manter a orde resultaba ás veces complicado. Lembrades o nome do encargado da biblioteca cando abriu?

En 1989 a biblioteca cambia de sitio. Nos baixos do concello colocan a sala de xuntas e a biblioteca pasa, disque provisionalmente,

ao baixo cedido por unha entidade bancaria —a antiga Caixa de Aforros— que deixou o local porque se lle quedou pequeno. E alí queda. 32 anos de provisionalidade nun local pequeno de máis para oficina bancaria.

Hai cinco anos nace unha plataforma de iniciativa popular para pedir a escola de Apelón como nova localización para a biblioteca pública. Foi unha loita perdida. Mais desá plataforma nace a [Asociación Cultural Apelón Educación](#). De entre todos os nosos obxectivos —culturais, educativos, medio ambientais e sociais— o de conseguir unha biblioteca moderna para Mugarbos segue a ser o principal. Unha biblioteca como a que definimos na contraportada da nosa revista Albela nº 1 de 2019, segundo as directrices IFLA/UNESCO para o desenvolvemento do servizo de bibliotecas públicas.

Pois ben, parece ser que por fin estamos no camiño de que se leve a cabo. Mais moito tememos que non sexa o que debería ser una biblioteca do século XXI. As expectativas sempre son moi distintas se tes que axeitar un uso a un espazo xa existente (como ocorrería no caso da escola de Apelón) que se se merca un espazo novo. O ideal sería que ese espazo fose o suficiente para o uso ao que se vai dedicar. Sería por tanto unha mágoa que a nosa nova biblioteca nacera obsoleta e co seu desenvolvemento hipotecado.


A nosa opinión é de sobra coñecida, mais que facer se a escolla é entre isto ou nada?

s U m a r i o

3 Editorial

6 Actividades anuais

10 Apuntamentos para un estudo da arquitectura dos cascos vellos de Mugarodos



José
García
Castro

18 La Redonda como un sueño



José
Sousa

22 A finca de Villalobos



Vera
Varela

26 Andrés Balsa Antón,
o campión mugarqués



Miguel
Rodríguez

36 A Cultura, unha semente de
Liberdade no medio do deserto



Sema
Pérez

José Manuel
Varela



Isolina Montero, muller coraxe

42

Vero
Rilo



Por un bocadiño de nada

46

Miguel
Rodríguez
e Jorge
Gómez



Centenario da *Institución Escolar
Franza y Seijo (1921-2021)*

48

Javier
Sánchez



Terrorismo da paisaxe

56

Bernardo
Máiz
Vázquez



Ricardo Carvalho Calero en A
Cabana, Mugar dos, O Seixo

60

Manuel
López



Sociedade Cultural, Recreativa e
Deportiva "Casino Mugarlés"

64


Recomendacións lectoras

70

Actividades anuais

Tócanos facer balance tras a gran conmoción que provocou o ano 2020 na vida de cada un de nós. Coa angustia e inxuedanza que a irrupción da pandemia de COVID 19 supuxo a partir de marzo de 2020

intentamos manter a nosa actividade, en principio en forma virtual e logo con pequenas actividades moi controladas, mentres os sucesivos periodos de confinamento o foron permitindo. Sabemos que non é o mesmo,



xaneiro

ASEMBLEA XERAL.

PLANTACIÓN DE ÁRBORES

En colaboración coa asociación Betula.

"CINCO POETAS NUNHA ESTRELA"

Presentación do libro de Eugenio Fernández Lago, Andrés Espiñeira Rodríguez, Josefina Rodríguez Platas, David Rascado Rojo e Constantino Cusala Ibáñez.

febreiro

ROSALÍA EN PALABRAS

Elaboración do mural na parede de Avenida de Galicia por Carla Parada Vilar e Lia Picos Freire, Charla "Unha estrela no universo das letras" da doutora Anxos García Fonte e actuación do grupo Xirifeiras de Fene e caldo de gloria como tapa ofertado nunha vineta de locais de restauración da vila (actividade realizada en colaboración coa Fundación Rosalía de Castro).

marzo

CONMEMORACIÓN DO 8 E 10 DE MARZO

Con ollos de mulleres traballadoras. A presentación do libro "Voces da memoria con ollos de muller" de Anxela Loureiro e sesión de microteatro "Isto traeme recordos dos meus vermes de seda". Tiveron que ser canceladas dous días antes de realizarse debido á incidencia da pandemia e ao inicio do confinamento obligatorio decretado dous días despois.

Actividades anuais

pois a razón de ser dunha asociación é sobre todo a xuntanza, e, aínda que contamos coas facilidades que nos ofrecen as redes sociais, a frescura o sentimento e a festa da presenza física, pérdese.

Estas son as actividades realizadas durante o ano 2020:



abril

CAMPAÑA DE ANIMACIÓN EN FACEBOOK DURANTE O CONFINAMENTO OBRIGATORIO.

No mes de abril, no que estivemos confinados debido á pandemia do COVID19, a nosa sociedade fixo un esforzo especial par manter a actividade virtual. Publicamos entradas nas redes sociais chamando á prudencia e animando nos momentos máis duros do confinamento. Ao final do mes comezamos a preparar os Maíos Virtuais que levamos a cabo no seguinte mes.

maio

MAIO SEMPRE MAIO

Publicación no Facebook dos maíos realizados e expostos nas casas, cunha grandísima participación.

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Adicado a Ricardo Carvalho Calero: Colocación de carteis e globos (doados por Globecientos), realización do vídeo "As pitas baixo a choiva" en que Aida contou o conto dese título de Carvalho Calero.

xuño

SAN XOÁN

Campaña de celebración do San Xoán no Facebook e Instagram. Grazas ás fotos compartidas en redes sociais puidemos ver como segue a celebrarse o San Xoan na vila en noutras partes de Galicia. Así, publicamos fotos de lumeiradas, sardiñadas e ramos de San Xoan da Pedreira, do Seixo, de Simou ou da Rúa Alta e tamén das festas nesta data que estaban a celebrarse na Coruña ou en Santiago.

Actividades anuais

CLUB DE LECTURA

Mantivo a súa actividade durante todo o ano mantendo o contacto e con reunións a través de WhatsApp a partir de abril. Os libros leídos foron: *"Infamia"* de Leticia Costas, *"La sociedad literaria del pastel de piel de patata de Gernsey"* de Mary-Ann Shaffer, *"La madre de Frankenstein"* de Almudena Grandes, *"Reina Roja"* de Juan Gómez Jurado, *"Ordesa"* de Manuel Vilas, *"Las lunas de Júpiter"* de Alice Munro, *"Assur"* de Francisco Narla, *"La novia gitana"* de Carmen Mola, *"Malasangre"* de Helena Tur y *"Aquitania"* de Eva García Saenz de Urturi.

► Roteiro e xuntanza. Dende aquí víxiaba as dúas rías o protagonista de Assur.



xuilo

ALBELA NO SEIXO

Presentación do número 2 da Revista Albela na Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega do Seixo coa participación de Vero Rilo e Bernardo Máiz.

agosto

ALBELA EN MUGARDOS

Presentación do número 2 da Revista Albela na Praza do Concello coa participación de Vero Rilo.

VISITAS AO CASTELO DA PALMA

O 14 e 21 de agosto. A xoia da Redonda, é unha construción militar do 1597. Entre A Palma e o castelo de San Felipe tendíase unha grosa cadea no mar que impedía a entrada dos navíos inimigos á ría de Ferrol. A súa última función foi como cárcere militar.

setem- bro

MONTEFARO

Andaina por Montefaro e reunión do club de lectura no mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, para comentar o libro *"Assur"* de Francisco Narla.

"O CARBALLO QUE FUN EN FERROL"

Presentación do libro *"O Carballo que fun en Ferrol. Aproximación a Ricardo Carvalho Calero"* por Bernardo Maiz, Xosé María Dobarro e Xoan Rubia Alejos.

Actividades anuais



XIMNASIA DO SOLO PELVIANO

Mantivo a actividade de forma presencial de xaneiro a marzo e a partires de setembro e por WhatsApp durante os diferentes períodos de confinamento e suspensión de actividades públicas.



outu-
bró

SAMAÍN COMPARTIDO

Según a tradición celta en outubro as portas entre o mundo e o máis alá ábrense. É o momento en que a comunicación entre os dous mundos é posible. É tempo de SAMAÍN.

Celebramos o *Día de Santos* e do *Samaín* coa participación a través das redes sociais e publicación en Facebook con 21 participantes que compartiron as súas cabazas, os seus colares de zonzos e as súas maquillaxes terroríficas.

novem-
bró

DÍA DO PATRIMONIO

Os lavadoiros eran fundamentalmente escenarios liberadores nos que as lavadeiras podían conversar, rir, cantar e tecer redes de solidariedade e compañeirismo, onde se conservaron vivas tradicións, lendas, cancións e historias que forman parte do patrimonio inmaterial do noso pobo. Para celebrar o Día do Patrimonio, elaboramos e publicamos en redes sociais o *Roteiro de lavadoiros*, para que quen quixera poidera realizalo de xeito particular.

de-
cembro

REPARTO DA TARXETA CALENDARIO DE NADAL

Sendo o deste ano un Nadal atípico, no que non puidemos celebrar actos propios destas datas, tentamos animar aos nosos asociados con tarxetas-calendarios coa figura do Apalpador.

XOGANDO EN REDE

Actividade Xogando en Rede en colaboración coa Asociación do Patrimonio Cultural. En Facebook.

Apuntamentos para un estudo da arquitectura dos cascos vellos de Mugardos



José
García Castro

Normalmente, cando falamos das arquitecturas máis significativas dun lugar, vénsenos á cabeza os edificios máis senlleiros, tales como os pazos, os castelos, as igrexas e os mosteiros. Con todo, rara vez nos detemos a pensar naquelas construcións que forman de por si os núcleos urbanos: as vivendas.

Os nosos pobos, vilas e cidades están formados principalmente polas casas nas que vivimos, e elas definen, en gran medida, a identidade dos mesmos. Son testemuñas construídas dos avatares históricos, da forma de vida dos seus habitantes, dos seus construtores e dos cambios experimentados pola sociedade ó longo do tempo.

Precisamente, co fin de mostrar as características e os valores da arquitectura dos cascos vellos do concello de Mugardos, elabórase este artigo. Realizarase un estudo en liñas xerais dos distintos tipos de arquitectura doméstica da vila de Mugardos e O Seixo, para así mostrar a importancia deste patrimonio construído.

Arquitectura popular mariñeira

Denomínase arquitectura popular a aquela que se constrúe sen arquitectos ou autores coñecidos. Esta érguese pola iniciativa dos seus propios usuarios de acordo ás súas necesidades e capacidades. En canto a este tipo de arquitecturas, en Galicia destaca o traballo levado a cabo polo mestre Pedro de LLano Cabado, quen catalogou e analizou as construcións populares galegas na súa obra *Arquitectura popular en Galicia*. Razón e construción.

A arquitectura popular está intimamente ligada ó lugar no que se sitúa, xa que está adaptada tanto ás condicións xeográficas e climáticas da zona como ás actividades desenvolvidas polos seus moradores. No caso de Mugardos, estas construcións están estreitamente relacionadas co mar, adaptadas ó clima costeiro e pensadas fundamentalmente como vivendas de mariñeiros.

A diferenza das vivendas labregas, que contaban con espazos específicos para a actividade agrícola e gandeira, como cortes, alpendres e palleiras¹, a vivenda mariñeira será moito máis simple, pois non precisan destas dependencias, xa que o pescador desenvolve a súa actividade

1 Pedro de Llano Cabado, *Arquitectura popular en Galicia. Razón e construción*, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1996, páx. 152.

exclusivamente no exterior. As casas dos mariñeiros son de dimensións reducidas, a miúdo estreitas e alongadas. Os seus espazos interiores estaban constituídos por unha pequena cociña, un ou varios cuartos e, se acaso, un espazo para o almacenamento das artes de pesca².

Estas vivendas adoitan dispoñerse apegadas unhas a outras en medianeiras, formando núcleos de poboación compactos, e atopáronse nos portos e fondeadoiros, polo que no caso mugardeño, a arquitectura mariñeira estará presente na vila de Mugarodos e no Seixo.

Os materiais presentes nelas son humildes e a maioría tomados das proximidades. Os muros construíanse con cachotería de pedra, empregando ocasionalmente a cantería de granito nos elementos singulares como nas portas, fiestras e balcóns. No exterior, os muros revestíanse con barro e cal. As

carpinterías eran de madeira, normalmente enrasadas ca cara exterior da fachada e adoitaban pintarse en cores chamativas, dos que semella que o azul axudaba a repeler as moscas³. A estrutura interior dos pisos e a cuberta resolvíase con vigas e pontóns de madeira, normalmente de castiñeiro. Para a o tellado, recorríase a unha cobertura de tella curva ou árabe.

Dentro da arquitectura popular mariñeira mugardeña, pódense distinguir ata catro tipos distintos de edificacións, que poden ordenarse de acordo á súa complexidade da seguinte maneira:

- A casa terrea
- A casa do remo
- A casa ente medianeiras
- A casa de corredor

A CASA TERREA

Este exemplo constitúe o tipo máis básico da arquitectura popular mariñeira. Son casas

cunha única planta rectangular, que a miúdo contaban cunha única estancia na que se desenvolvía a vida. Estas vivendas eran as máis humildes o obedecían a unha economía moi precaria⁴.

A día de hoxe, quedan poucos exemplares deste tipo de casas e nos casos da vila de Mugarodos e o Seixo, ningunha se emprega xa como vivenda.

A CASA DO REMO

As casas do remo eran vivendas a medio camiño entre a casa terrea e a de dous andares. Segundo Xaquín Lorenzo, eran moi abundantes na zona da Coruña e o seu nome provén de que a súa anchura non sobrepasa o longo dun remo de traiñeira⁵ (entre 2,50 e 3 metros). As casas do remo, a diferenza das terreas, contaban cun espazo baixo a cuberta que se empregaría como estancia. Ademais, contarían

2 Llano Cabado, páxs. 69-70.

3 Francisco Rubia Alejos, *Semblanzas de un pescador ártabro del siglo XIX*. Exposición y comentario de una obra de Federico Alejos Pita en el Museo Universal, 2014, páx. 171.

4 Llano Cabado, páx. 170.

5 Xaquín Lorenzo Fernández, *A casa*, Vigo, Galaxia, 1992, páxs. 82-84.



▲ Antiga casa terrea na Avenida de Galicia, hoxe en día reempregada como comercio.



▲ Posible casa do remo no Seixo. A fachada conta con algo menos de 3 m de anchura.

cunha cuberta a dúas augas, con caídas cara os muros medianeiros, situándose o pinche na fachada frontal. No cumio do tellado situaríase un garfo no que se pendurarian as redes para a súa reparación e secado⁶.

Aínda que no concello de Mugarbos xa non se atopa ningunha edificación destas características, pois a maioría delas foron reformadas e ampliadas, si que atopamos vestixios do que puideron ser estas casas do remo, especialmente se nos fixamos na escasa anchura que presentan algunhas das vivendas presentes nos seus cascos vellos.

A CASA ENTRE MEDIANEIRAS

É o tipo máis abundante das vivendas mariñeiras. Disponse apegada a outras construcións, dando a súa fachada frontal directamente á rúa. A súa altura oscila entre as dúas e as tres plantas. A cociña adoitaba instalarse na planta baixa, que en función das dimensións da vivenda podía contar con outro cuarto ou un almacén para as artes de pesca. Nos pisos superiores dispoñeríanse os demais cuartos⁷.

A CASA DE CORREDOR

A casa con corredor constitúe un tipo de casa entre medianeiras ó que se lle incorpora un balcón que ocupa toda a anchura da fachada. Este queda cuberto por unha prolongación do tellado da vivenda, soportado por unhas pequenas colum-

nas de madeira e está protexido por unha balastrada do mesmo material. Este corredor serve de protección á fachada contra a chuvia e o sol, polo que era habitual que fose utilizado para secar as redes ou tender a roupa.

Este tipo de vivenda era moi habitual na arquitectura mugarbese, pero moitos dos corredores foron modificados co paso do tempo⁸. Nalgunhas ocasións foron substituídos por galerías e, máis recentemente, foron pechados por fachadas de ladrillo e incorporados ós espazos interiores da vivenda.

Arquitectura urbana

O SÉCULO XVIII

No século XVIII Ferrol convértese na sé do Departamento Naval do Norte de España, o que trae consigo un importante desenvolvemento industrial e urbano. Será a mediados deste século cando se comecen a construír o arsenal militar e os barrios da Magdalena e Esteiro. Toda esta actividade edificatoria vai a requirir de moita man de obra, o que fará que en Ferrol se establezan mestres de obras cas súas compañías que, en moitos casos, serán tamén os que constrúan por iniciativa propia e vendan as vivendas para os empregados da Mariña⁹.

Nesta época aparecen novos tipos de vivendas, que serán os que constitúan os



▲ Casa con corredor na rúa San Telmo. As cores, ademais de decorar, serven para distinguir as propiedades.



▲ Casa con corredor na Rúa María. Destaca o seu extraordinario estado de conservación.

6 Lorenzo Fernández, páx. 84.

7 Llano Cabado, páx. 181.

8 Radio Televisión Española, "Arquitectura popular en Galicia. La casa marinera (V)", 1984

9 Alfredo Vigo Trasancos, *Arquitectura y urbanismo en El Ferrol del siglo XVIII*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1985, páx. 240.



▲ Vivenda do século XVIII na Avenida do Mar.



▲ Fachada do século XVIII na Rúa San Telmo. Ademais a vivenda esconde unha singular fachada posterior cara a Rúa San Fernando con corredor e soportal

barrios da Magdalena e de Esteiro. Con todo, veremos que este tipo de construción non se dará exclusivamente en Ferrol, se non que tamén aparecerán nas vilas dos seus arredores, xa que probablemente, os mestres de obras que traballaban na cidade departamental tamén fosen contratados nas demais vilas da contorna.

As vivendas do século XVIII adoitan contar cunhas alturas que van dende a planta baixa ata as catro e son, polo xeral, edificacións de maiores dimensións que as da arquitectura popular. Adoitaban contar con vivendas independentes en cada unha das plantas superiores, mentres que a planta baixa reservábase para os comercios e outros oficios. As fachadas adoitan contar cunha composición de tres ocos simétricos en cada planta, nas que poden aparecer balcóns, cinguidos unicamente á fiestra central da fachada ou ben ser corridos, neste caso, ocupando todo o ancho da planta baixa da edificación. A diferenza da arquitectura popular, as fiestras serán preferentemente de corpo enteiro ou balcaneiras.

Os materiais cos que se construírán estas novas vivendas serán os mesmos que os empregados na arquitectura popular, aínda que con algunhas innovacións: seguirase empregando a cachotería de pedra e os revestimentos de cal nos muros, reservando o uso da cantería para elementos especiais, como os recer-

cados dos ocos, as cornixas e os balcóns. Seguirase empregando a madeira nos pisos e na estrutura da cuberta, aínda que nalgúns ocasións utilizarase o "piñeiro de Riga", traído das zonas do báltico para elaborar as arboraduras dos buques da armada¹⁰, e que permitían maiores lonxitudes de vigas que as madeiras autóctonas, chegando a pezas de ata 12 metros¹¹.

Unha innovación das vivendas do S. XVIII será o uso do ferro nas varandas dos balcóns, onde se concentra o maior ornato deste tipo de edificacións. Isto parece deberse á influencia dos ferreiros do arsenal¹².

O SÉCULO XIX

Un dos elementos máis representativos da arquitectura do século XIX é a difusión da galería. Esta xa aparecera a finais do século pasado, traída probablemente dos peches das popas dos navíos que se construían en Ferrol¹³. A galería vai incorporarse moitas veces ós balcóns das vivendas xa existentes como unha forma de protección das fiestras, pero tamén como un instrumento para regular a temperatura dos interiores, permitindo captar o calor do sol no inverno e de ventilar o aire interior no verán.

A composición típica das casas con galerías do século XIX é a dunha vivenda de tres alturas. Na planta primeira dispóñense tres balcóns, estando cubertos os

10 Vigo Trasancos, páx. 242.

11 Juan A. Rodríguez Villasante, "Génesis de las tipologías arquitectónicas", en, *El barrio de la Magdalena del Ferrol*, Santiago de Compostela, Publicacións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, DL 1980, páx. 77.

12 Vigo Trasancos, páx. 247.

13 Rodríguez Villasante: "Génesis de las tipologías arquitectónicas", páxs. 81-86.

laterais con galerías de tipo costureiro e o central descuberto, pero protexido cunha varanda de ferro forxado. Na planta segunda dispónse unha galería corrida que ocupa toda a fachada¹⁴.

Durante este período, tamén se apreza unha melloría na ornamentación da cantería, que empregan chafráns e molduras nos seus perfís e os linteis dos ocos das fachadas adoitan curvarse formando medias canas.

O século XX

A partir do século XX veremos aparecer unha serie de innovacións nas técnicas derivadas da industrialización que pouco a pouco irán modificando a arquitectura doméstica. Se ata o século XIX a construción funda-

mentábase no emprego da pedra e a madeira para os muros e os pisos respectivamente, veremos como comezan a ser substituídos polo aceiro, o formigón e o ladrillo.

Ademais, xunto con estas innovacións técnicas, tamén veremos as influencias das distintas correntes artísticas xurdidas en Europa nas primeiras décadas deste século. Entre elas, deixarán a súa pegada o modernismo, o eclecticismo e as vangardas.

burguesía, sendo o exemplo máis próximo a Mugardos o de Ferrol, cun rico patrimonio modernista, na súa maioría deseñado polo ilustre arquitecto Rodolfo Ucha Piñeiro. Se ben en Mugardos non hai constancia de obras da etapa modernista deste autor, si atoparemos algúns casos con grandes semellanzas, especialmente en vivendas con galerías, que contarán cunha rica ornamentación de elementos curvos xunto con vidros coloreados e azulexos.

O MODERNISMO.

Esta corrente desenvolveuse en Galicia durante as dúas primeiras décadas do S.XX, e caracterizábase por unha profusa ornamentación como motivos curvos e en ocasións tamén de tipo vexetal. No noso país terá un especial auxe nas cidades, pois será promovido pola

O ECLECTICISMO.

A arquitectura ecléctica é aquela na que se mesturan de xeito simultáneo elementos de distintos estilos arquitectónicos. Adoitan ser construcións con abundante ornamentación, elaborada con moldes de cemento e pintadas de cores.

14 Rodríguez Villasante, páx. 84.



▲ Fachada con configuración típica das casas de galerías do século XIX. Galerías tipo costureiro en planta primeira e corrida na planta segunda.



▲ Casa do Pintor Bello Piñeiro no Seixo, con linteis curvos nas portas e fiestras e galerías de tipo costureiro.

Dentro desta corrente tamén podemos incluír a arquitectura construída polos "indianos", xa que nas vivendas edificadas por estes emigrantes retornados de América, adoitábanse mesurar elementos de diversos estilos, como a arquitectura clásica, o modernismo ou a arquitectura colonial americana¹⁵.

AS VANGARDAS.

En torno ós anos 20 e 30 chegan as influencias das vangardas xurdidas en Europa. En Galicia, veremos exemplos ligados ó racionalismo e o expresionismo alemán, que se traducirán na adopción de formas xeométricas curvas e aerodinámicas. Tamén, aínda que de forma máis escasa, veremos

algunhas arquitectura vinculadas ó art decó. En Mugardos, estas arquitecturas pertencentes ás vangardas son escasas e a meirande parte deles serán construídos despois da guerra civil.

A POSGUERRA E OS PRIMEIROS ANOS DO FRANQUISMO

Trala guerra civil española, a arquitectura atravesará un período de indefinición, polo que chegarán a empregarse simultaneamente diferentes linguaxes arquitectónicos ou estilos¹⁶. Por unha banda, utilizarase preferentemente o academicismo ou clasicismo polas institución do estado e tamén pola igrexa. En Mugardos temos un exemplo claro desta corrente na igrexa de San Telmo, cun exterior inspirado no templo neoclá-

sico do Oratorio do Cabaleiro de Gracia en Madrid.

Tamén recorrerase ó eclecticismo e ó rexionalismo, que empregarán elementos da arquitectura histórica galega, especialmente do medievo e do barroco.

Por último, observaremos como as arquitecturas inspiradas nas vangardas europeas tamén contarán con certa continuidade. En Mugardos existen algúns exemplos, construídos nos anos 40, vencellados ó racionalismo, ó expresionismo alemán e ó art deco. Seguindo esta corrente, reinterpretanse as galerías tradicionais de madeira que, neste caso, serán executadas con formigón armado e cunhas características esquinas achafranadas.

15 *Indianos. Arquitectura da emigración na península de Bezoucos Ares, Cabanas, Fene e Mugardos*, Ferrol, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia Comisión de Cultura da Delegación de Ferrol, 2000, páxs. 80–81.

16 Miguel Abelleira Doldán, *La arquitectura en Galicia durante la autarquía: 1939 - 1953*, Tesis doctoral, *Universidade da Coruña*, conclusiones 6/15.



▲ Vivenda na rúa San Telmo, con galería de motivos modernistas e vidros coloreados en verde.



▲ Casa de Gelpi na Avenida de Galicia, datada en 1910 como queda constatado na propia fachada. Conta con abundante ornamentación de tipo vexetal elaborada en cemento. Destaca a presenza de rostros femininos na mesma.

Conclusiones

Mugardos pode ter a sorte de contar cun rico patrimonio construído nas súas vivendas, cuxo valor pode contemplarse dende diversas ópticas:

VALOR HISTÓRICO

Puidemos comprobar que nos zonas vellas do concello existen edificios de vivendas que poden datarse, polo menos, dende o século XVIII, e que se conta con exemplos pertencentes a case tódalas tendencias arquitectónicas que transcórren dende entón ata a actualidade. Isto constitúe un testemuño construído da evolución e as transformacións que sufriu a arquitectura nas zonas vellas de Mugardos ó longo do tempo.

Aspectos como o tipo de vivenda, o tamaño, os materiais empregados ou o ornato, estannos falando das características dos seus habitantes, como os seus oficios ou a súa posición económica.

VALOR ETNOGRÁFICO

A propia configuración das vivendas estudadas aporta moita información do modo de vida das persoas que as habitaron. Aspectos como o tipo de vivenda, o tamaño, os materiais empregados ou o ornato, estannos falando das características dos seus habitantes, como os seus oficios ou a súa posición económica.

Pero non só iso, nestas casas tamén deixaron a súa pegada aqueles artesáns que as construíron: canteiros, albaneis, carpinteiros, ferreiros, telleiros... Un conxunto de oficios tradicionais, moitos deles case extintos hoxe en día, que deixaron unha mostra do seu bo facer nas casas mugardesas.

VALOR ARQUITECTÓNICO

Dende un punto de vista arquitectónico, é destacable a gran variedade tipolóxica que atopamos nos cascos vellos mugardeses. Comezando pola arquitectura popular, vemos como estas vivendas son as típicas dos enclaves mariñeiros da zona do Golfo Ártabro, na mesma liña que as que podemos contemplar nas vilas veciñas como Redes, A Graña ou Fontán.

Nos exemplos de arquitectura urbana dos séculos XVIII e XIX, vimos como resultou fundamental a influencia que tivo a cidade de Ferrol, xa que motivou a aparición de novos tipos de vivendas e de elementos innovadores para a súa época, como foron as galerías.

Tamén vimos como durante as primeiras décadas do século XX Mugardos non quedou á marxe das tendencias arquitectónicas en boga, e como deixaron a súa pegada correntes como o modernismo ou as vangardas europeas como o racionalismo.



▲ Casa Montero Cabana na Avenida do Seixo. Consiste nunha vivenda popular reformada en 1925 por emigrantes retornados. As fachadas contan con abundante ornamentación elaborada con cemento.



▲ Vivenda na esquina da Rúa Real ca Rúa Peteiro. Conta con ornamentación de tipo rexionalista de inspiración nos pazos, como os pináculos e os recercados de pedra.

PARA REMATAR

Todos estes aspectos falan da historia dun pobo e forman parte da súa identidade. As nosas casas cóntannos o que fomos no pasado, xa que son un claro reflexo do noso modo de vivir. Constitúen unha importante e valiosa herdanza, que foi edificada polos nosos antepasados e que chegou ata os nosos días. Sen dúbida, supón un rico patrimonio que merece ser valorado e conservado.

Se ben é certo que a miúdo esta herdanza foi denostada e destruída, en moitas ocasións por intereses económicos puramente especulativos, noutros casos o foi simplemente pola ignorancia do seu valor, pois non se maltrata aquilo ó que se lle ten aprecio. Con todo, o primeiro paso para valorar algo é coñecelo, polo que agardo que este pequeno traballo, que aínda deixa moitas cousas por amosar, axude a ensinar o rico patrimonio presente nas rúas mugardesas. ¶

BIBLIOGRAFÍA

Miguel Abelleira Doldán, *La arquitectura en Galicia durante la autarquía: 1939 - 1953*, Tesis doctoral, Universidade da Coruña.

Carneiro Rey, Juan A. e Rodríguez Vázquez, Miguel A., *Historia de Mugardos*, Mugardos, La Coruña, Concello de Mugardos, 2009.

El barrio de la Magdalena del Ferrol, Santiago de Compostela, Publicacions do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, DL 1980.

Indianos. Arquitectura da emigración na península de Bezoucos Ares, Cabanas, Fene e Mugardos, Ferrol, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia Comisión de Cultura da Delegación de Ferrol, 2000.

Fernández Fernández, Xosé e Soraluze Blond, José R., *Arquitecturas da provincia da Coruña. Comarca de Ferrol. Ares, Fene, Mugardos, Narón e Neda*, A Coruña, Editorial Diputación Provincial, 1997.

Fernández Fernández, Xosé e Soraluze Blond, José R., *Arquitecturas da provincia da Coruña. Ferrol*, A Coruña, Diputación Provincial, 2001.

Llano Cabado, Pedro de, *Arquitectura popular en Galicia. Razón e construción*, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1996.

Lorenzo Fernández, Xaquín, *A casa*, Vigo, Galaxia, 1992.

Radio Televisión Española, "Arquitectura popular en Galicia. La casa marinera (V)", 1984, dispoñible en <https://www.rtve.es/alacarta/videos/arte-y-tradiciones-populares/arte-tradiciones-populares-arquitectura-popular-galicia-casa-marinera-v/3816809/>, [consulta: 23-05-2021].

Rodríguez Villasante, Juan A., "Génesis de las tipologías arquitectónicas", Santiago de Compostela, Publicacions do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, DL 1980, páxs. 74–89.

Rubia Alejos, Francisco, *Semblanzas de un pescador ártabro del siglo XIX*. Exposición y comentario de una obra de Federico Alejos Pita en el Museo Universal, 2014.

Vigo Trasancos, Alfredo, *Arquitectura y urbanismo en El Ferrol del siglo XVIII*, Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 1985.



▲ Vivenda dos anos 40 na Avenida do Seixo. Conta cunha fachada de tipo racionalista con esquinas curvas de aspecto aerodinámico.

► Edificio na Avenida do Mar con galerías de formigón armado e esquinas achafranadas.



La Redonda como un sueño



José Manuel
Sousa

Hola, vecinos y amigos, empezaré presentándome: soy José Manuel Sousa Pérez, el Sousa de la Redonda, donde nací y vivo. Y de la Redonda, la aldea de la que estoy tan orgulloso, va a tratar este artículo.

La mayoría de los posibles lectores de esta revista seguramente ya se han acercado alguna vez a dar un paseo por este bonito lugar, y aquellos que no lo conocen quedan invitados a conocer esta aldea, la más hermosa este lado de la ría de Ferrol.

La Redonda es preciosa. La carretera de acceso es una de las pocas de la zona que aún está bordeada de árboles. En sus márgenes puede apreciarse un gran trabajo de can-

tería: de piedra son el puente, los mojones, los indicadores de hectómetros, las cunetas y sumideros, los muros de contención y el mirador conocido por los vecinos como "El Murallón". También hechos en granito vamos a encontrar el otro mirador "el murallón de la cerca", la hermosa Baliza de la Redonda, un pequeño faro al pie del mar, y unos metros más adelante, la joya del lugar: El Castillo de la Palma.



Más allá del castillo hay un lindo paseo, llano y muy fácil de recorrer por cualquier tipo de persona. Durante el paseo podemos admirar la espectacular entrada de la ría en la que vivimos, así como restos de las antiguas baterías militares y las dos torres de enfilación.

Si decidimos acercarnos a La Redonda por el camino antiguo —el camino de acceso a la aldea antes de que se construyese la carretera (el Camiño Vello)— llegaremos a la Redonda de Abaixo y podremos apreciar su hermoso lavadero. Un lavadero tradicional aún en uso .

La aldea, que hoy en día cuenta con muy pocos habitantes (apenas 15 durante el invierno), estaba muy poblada en los tiempos de mi niñez . Entonces superábamos los 200 habitantes, entre la gente de aquí, los soldados que hacían la "mili" en el castillo y los trabajadores de las canteras y de los talleres de Barracoi. Teníamos escuela de niños y de niñas, ya que en esos tiempos estaban separadas, y hasta tres tiendas-bar. La mayoría de las

familias vivían de la pesca y del marisqueo o trabajaban en las canteras. También había algún trabajador de Obras Civiles o de Bazan. Ahora, los que vivimos aquí somos casi todos jubilados.

La Redonda es preciosa y con un poco de interés y apoyo de las administraciones públicas podría serlo aún más.

Uno de los principales problemas de este pequeño paraíso lo causa precisamente el gran número de visitantes que recibe. Cada vez viene más gente, sobre todo durante los fines de semana y el verano. En estos tiempos de pandemia, muchos paseantes se acercan a la Redonda y la proliferación de coches hace que la gente se sienta un poco insegura dado que la carretera es estrecha y no tiene aceras en ningún sentido de la marcha. Sería interesante que alguna administración pusiera en marcha el proyecto de un paseo marítimo desde la playa de la Bestarruza hasta los muelles de la Redonda, utilizando el Camiño Vello. O que construyeran una pequeña acera en un sentido de la circulación, como la que hicieron desde Mugardos hasta Ares.

En algún lado he echado la cuenta y superábamos los doscientos habitantes entre la gente de aquí, los soldados que hacían la mili en el castillo y la gente que trabajaba en las canteras o en los talleres de Barracoi.

▼ "Como un sueño". Cuadro al óleo de José Manuel Sousa.



Recuerdo que cuando era niño, en la tienda se usaban cartuchos de papel, ya que la mayoría de los productos venían a granel y la gente llevaba de casa su bolsa de la compra.



En los muelles de la Redonda tenemos un punto negro: las ruinas de una gran empresa que funcionaba en los años 50-70, una gran industria de la familia Barracoi, que hoy en día es no solo una ruina de casas y talleres sino también un peligro para cualquiera que se atreva a curiosear entre sus muros. El lugar, una vez limpio de maleza y con los edificios restaurados, podría ser usado para hostelería o para escuela de vela y para la práctica de deportes náuticos.

Otro de los puntos negros es el propio castillo, que es uno de los reclamos turísticos más importantes en nuestro ayuntamiento. El castillo fue prisión militar antes de su abandono definitivo y despierta mucho interés porque el último preso que tuvo fue el coronel Tejero. Llega mucha gente a La Palma, pensando que va a poder visitar el castillo y se encuentra con que está cerrado la mayor parte del año. El castillo es ahora propiedad particular y creo realmente que su venta no debería haberse permitido nunca, ya que pasados casi 20 años no se ha hecho nada con él y cada año que pasa está más deteriorado.

Pero no todo es competencia de las administraciones. Hay algunas cosas que están en nuestra mano mejorarlas. Me refiero a la proliferación de basura. Cuando salgo a dar un paseo, es raro el día en el que no encuentro botellines de agua (está de moda llevar la botellita cuando vas hacer algo de senderismo), latas de refresco, bolsas de golosinas, patatas fritas, etc, tiradas por todas partes. Por favor, bebe el agua que quieras pero cuando acabes la botella llévatela, hay contenedores cerca.

También hay algún desaprensivo que va a pasar el día a la playa del castillo y cuando sube, deja la bolsa de los desperdicios en la cuneta. ¡Señor mío! ¡Hay contenedores a 200 metros y hasta el castillo no va el camión de la basura!



▲ Imágenes de lo que fue vida cotidiana en la Redonda.

Algunos pescadores dejan tiradas las cajas del cebo, las latas de cerveza, los restos del bocadillo etc. Esto es cosa de todos, no va a venir nadie del ayuntamiento a recoger nuestra basura. ¡Seamos un poquito responsables!

No quiero extenderme más y espero que cada persona a la que llegue esta reflexión ponga su granito de arena, para que cuando nuestra generación emprenda el largo viaje dejemos a nuestros nietos un entorno limpio y sin contaminar.

Hasta la próxima,
Sousa, el de La Redonda. 🇵🇸



Non hai moitos anos un veciño da Redonda comezou a restaurar o seu entorno. Tivemos a sorte de descubrir “un dos bancos máis fermosos do mundo” cunha placa que reza “Mirando al mar pensé que...”. Estas iniciativas que melloran o aspecto da nosa vila e que ademais descubren tesouros que parecían perdidos.

► Fachada do edificio no seu estado actual. Foto: Álvaro Lamas

A finca de Villalobos



Vera Varela

Neste esforzo de recuperar espazos, este veciño limpou e restaurou un río de lavar. O sinal indica que é “O río de Villalobos” pero, quen era ese Villalobos?

Jose Maria Franco de Villalobos nado en Cádiz no ano 1870 foi un contraalmirante da mariña en Ferrol nos anos da Guerra Civil. Era ademais primo segundo de Francisco Franco.

A conexión comeza hai cen anos, alá polo 1920, cando compra unha casa na zona do Baño, xusto na estrada que sube para Montefaro, como segunda residencia.

Esta casa señorial que compartía coa súa esposa María Luisa Caruncho ten vistas a toda a ría, sendo visible incluso dende o peirao da nosa vila. A súa fachada está presidida polo escudo familiar dos Franco de Bahamonde e uns azulexos co apelido da súa muller “Caruncho”. No lateral pode

A súa fachada está presidida polo escudo familiar dos Franco de Bahamonde e uns azulexos co apelido da súa muller “Caruncho”.

observarse unha imaxe da Virxe da que María Luisa era devota.

A finca parece dividida en tres espazos distintos, na dereita o que serían as cortes para animais, na esquerda a vivenda habitual (da que todavía se conservan as plaquetas do baño e da cociña) e unha terceira vivenda independente que podía servir como vivenda do servizo.

Aquí celebraron vodas e outros eventos que encheron a vila de presencias aristocráticas. Así se facía eco *La Voz de Galicia* dalgúns destes eventos no ano 1924:

“En la espléndida finca que en el lugar del Baño (Mugaridos) poseen los señores de Franco Villalobos (D. José), comandante de Marina de este puerto, se celebró hoy el enlace de su sobrina, la hermosa y encantadora señorita Josefina Zanon, con el capitán médico de la Armada, D. José López García. A la solemne ceremonia asistieron muchas de las amistades de los contrayentes, a quienes felicitamos.”

Nos anos 30 e xa establecidos na zona, Franco de Villalobos consegue o título de “Gentil Hombre de Cámara” do Rey Alfonso XIII e a comandancia do porto de Vilagarcía, no que tamén tiñan residencia. Mentres, a súa muller María Luisa, moi devota, colabora nas labores da igrexa de Ares, da que era



MARUNCHO



▲ Río de Villalobos, coa estrada que vai ata a Redonda ao fondo.

presidenta e fundadora da asociación do "Inmaculado Corazón de María". Como parte de esta asociación axudaba a organizar as procesións da festa do Carme. No ano 1932 *La voz de Galicia* relatava as súas labores:

"(...) En este acto formarán carrera con velas encendidas los 12 coros de a treinta cofrades cada uno que componen la Asociación, y a su terminación se dará la bendición con el Santísimo antes de la solemne reserva. Por último, se cantará por toda la asociación y fieles la salve e himno a la Santísima Virgen".

No 1933 e coa Segunda República xa instaurada, Villalobos adquire o título de contraalmirante da mariña. En maio de ese ano fixo de embaixador de Ferrol recibindo a tropas Francesas que estaban de visita oficial. Nesta visita puideron ver os submarinos atracados na Graña, os novos e modernos asteleiros, disfrutaron dun baile no casino

Entre os anos 1936 ao 1939 o contraalmirante Villalobos de Franco preside os distintos Consellos de Guerra de Ferrol que deron como resultado o fusilamento de moitos veciños da bisbarra.

ferrolán e ata dunha obra de teatro no Jofre.

A traxedia chega para Villalobos no ano 1935 coa morte da súa esposa María Luisa e sen descendencia:

"Falleció ayer la señora doña María Luisa Caruncho Bouza, distinguida dama muy estimada en la sociedad ferrolana. (...) Descanse en paz la finada y reciban sus deudos y de una manera especial su viudo el contralmirante de la Armada don José María

Franco de Villalobos, muy estimado amigo nuestro, la expresión de nuestro más sentido pésame."

Entre os anos 1936 ao 1939 o contraalmirante Villalobos de Franco preside os distintos Consellos de Guerra de Ferrol que deron como resultado o fusilamento de moitos veciños da bisbarra:

"Se celebró el Consejo de guerra de oficiales generales para ver y fallar una causa instruida por sedición y rebelión contra el auxiliar de Artillería, don José Rodríguez Bretojios, Auxiliares navales, don Francisco Dementé Heras y Manuel Muñoz Otero; maestro de Artillería don Santiago Muñños Ramps, el marinero; Ernesto Lamas González. Presidió el Consejo el contralmirante de la Armada, don José María Franco de Villalobos. El fiscal, señor Cora, solicitó la pena de muerte (...)"

Nestos turbios anos da guerra civil poucos datos temos da súa participación



▲ Vista do interior do edificio na actualidade. Foto: Dani García en Facebook.



▲ Noticia da morte de J.M. Franco de Villalobos en Diario de Burgos (8/6/1945).

no conflicto e o máis reseñable do ano 1938 é a visita de Carmen Polo de Franco (muller de Francisco Franco) a Ferrol:

“A su llegada a esta ciudad la esposa del Generalísimo, a la que acompañaba su pariente el Contralmirante Franco Villalobos, el público la hizo objeto de un cariñoso homenaje.

Doña Carmen Polo de Franco llegó a El Ferrol con el único propósito de adquirir objetos artísticos en un comercio de antigüedades situado en la calle del General Franco (...)”

Unha vez rematada a guerra civil non hai máis noticias do Contraalmirante, que morre no ano 1945.

“Después de larga enfermedad, falleció ayer D. José María Franco de Villalobos, contralmirante de la Armada (...) Tenía el finado almirante setenta y cinco

años de edad, y llevaba más de un año enfermo; Era persona de gran simpatía, un caballero sin tacha, que se destacó siempre en la vida de sociedad. (...)

El almirante Franco de Villalobos era primo segundo de Su Excelencia el Jefe del Estado. Su muerte ha sido sentidísima en esta ciudad, y hoy, a las doce, se celebrará el sepelio. Descanse en paz y reciba su familia nuestro más profundo pésame.”

A casa quedou baleira. Sen herdeiros directos, a casa pasou a mans de sobriños da súa dona María Luisa Caruncho que non volverían habitar a vivenda.

Contan por ahí que nos anos 60 e 70 a casa, xa en estado de abandono, era lugar habitual para festas e trasnadas varias dos mozos e mozas de Mugardos.

Contan por ahí que nos anos 60 e 70 a casa, xa en estado de abandono, era lugar habitual para festas e trasnadas varias dos mozos e mozas de Mugardos. Aínda que o estado é ruinoso todavía conserva a fachada e un par de palmeiras que lle dan o mesmo aspecto señorial que a caracterizou na súa época.

E así, grazas aos esforzos dun veciño por recuperar a zona, descubrimos un pedazo da historia de Mugardos que permanecía soterrada pola maleza e o abandono. ¶

Andrés Balsa Antón, o campión mugardés

Primeiro adestrador galego
do Celta de Vigo e Deportivo da Coruña



Miguel
Rodríguez

Hai vidas que dan moito de si; vidas intensas, emocionantes e curiosas que teñen moito que contar. É o caso de Andrés Balsa Antón, un mugardés que viaxou polo mundo como mariño mercante e foi campión de loita libre, boxeador, actor de cine?, masaxista e adestrador de fútbol. Foi ben coñecido e famoso na súa época, principalmente en América e logo tamén na súa terra, na medida en que ían coñecéndose os seus éxitos e fazañas.

1887-1920 O Hércules galego

Andrés Balsa Antón naceu en Mugar dos, na Xesteira, o 9 de Marzo de 1883; fillo de Xoaquín Balsa López, xornaleiro, e Francisca Antón Rivera; irmán de Fernando, María Encarnación, Faustina e Francisco; era tío de Juan Prieto Balsa, que sería alcalde de Mugar dos no ano 1936 pola Fronte Popular.

Moi pronto, con doce anos, deixou Mugar dos para enrolarse como mariñeiro no María de Larrinaga, un barco-correo da compañía vasca Larrinaga@cia con sede en Liverpool, que facía a ruta dende ese porto a Cuba e Estados Unidos. Foron anos de embarque nos

O seu primeiro combate profesional foi en Texas contra Frank McDonald, campión do exército ianqui, resultando gañador o mugardés.

que desenvolveu un físico poderoso e o que era máis importante, tiña moita forza. Algunha crónica xornalística posterior falaba dun coloso de máis de dous metros de altura e por enriba dos cen quilos, cando a realidade estaría máis preto do 1,80 e os noventa quilos.

Nestes anos de finais do século XIX e principios do XX era moi frecuente atopar espectáculos nos que había demostracións de forma física e forza nos que un loitador ou campión local retaba a todos aqueles que quixesen loitar con el, cunha gratificación económica para o que fose quen de vencelo. No ano 1902, durante unha escala en Nova York, o mozo Balsa (tiña 19 anos) acompañado polo primeiro oficial do seu barco atoparon, camiñando por Broadway Street, un destes desafíos que consistía en aguantar 15 minutos a un loitador anunciado nun gran cartel na rúa, cun premio de 500 dólares a



quen o conseguise. Balsa gañou o reto, e comezou a súa carreira no mundo da loita libre ou wrestling, como era coñecida a disciplina nos Estados Unidos, sen dúbida atraído polas posibilidades dun deporte que lle gustaba e no que podía sacar un bo rendemento económico. Neste camiño que comezaba foi importante a figura de Jack Nelson, un excamión, que se interesou por el e aprendeulle os fundamentos da loita. O seu primeiro combate profesional foi en Texas contra Frank McDonald, campión do exército ianqui, resultando gañador o mugardés.

Arredor de 1910 xa gozaba de fama dentro do mundo da loita e a revista *Vida Gallega*, no seu número de febreiro dese ano, resáltao

como un triunfador galego fóra de Galicia, destacando as súas vitorias en Nova York, California, Texas, Nueva Orleáns e na Arxentina, Cuba e México. Unha notoriedade que non pasaría desapercibida para os produtores italianos que no 1911 estaban preparando a rodaxe da película *Quo Vadis* e que contrataron a Balsa para o papel do escravo Ursus, pagándolle a cantidade de 5.000 dólares,

En 1915 participa nun torneo, cualificado como campionato do mundo, onde competían 36 loitadores, celebrado no Manhattan Opera House de Nova York, resultando vencedor.

como el mesmo contou nalgunha entrevista (*Revista Nuevo Mundo*, 28/02/1930). Un capítulo este do que non dei atopado os seus datos nos créditos, polo que non é seguro que aparecese na montaxe final da película, aínda que na prensa da época, en moitos casos, referíanse a el como o Ursus de *Quo Vadis*.

Son anos de éxitos no mundo da loita. En 1915 participa nun torneo, cualificado como campionato do mundo, onde competían 36 loitadores, celebrado no Manhattan Opera House de Nova York, resultando vencedor. A estas alturas a prensa galega xa comezaba a cubrir a traxectoria de Balsa con regularidade; *El Correo Gallego*, *El Correo de Galicia*, *El Compostelano* e, en maior medida, *La Voz de Galicia*, publican novas do alcumado Hércules galego, o Ursus de *Quo Vadis* ou o Bulldog, como era coñecido nos Estados Unidos. O propio Andrés Balsa encargábase de enviar artigos e recortes de prensa dos periódicos americanos que daban boa conta das súas xestas: *para que lo sepan en mi pueblo*, dicía. Na maioría das novas publicadas en Galicia, hai unha exaltación de Balsa como magnífico celta e xenuíno representante da raza galega; un exemplo é o que publicaba o xornal *La Voz de Galicia* o 6 de Xullo de 1920: (...) Joven, fortísimo, de proporcionada corpulencia, Balsa es el prototipo de luchador, un magnífico ejemplar de nuestra raza, que ha paseado sus excelencias con orgullo por medio mundo (...)

▼ Artigo en *La Voz de Galicia* o 24 de marzo de 1917

UN COLOSO GALLEGO

ANDRÉS BALSA CAMPEÓN DEL MUNDO

Este coloso, o este "peitudo" que ustedes ven, es el famoso campeón del mundo, en lucha libre y aun en lucha greco-romana, Andrés Balsa, el galleguino (?) de Mugardos, de quien varias veces hemos dado noticias.

Continúa el mozo recorriendo el mundo y peleando con la suerte y con los hombres a puñetazos. Y acordándose de nosotros y de su tierra, tiene la atención de escribirnos desde todos los países que visita.

El gladiador moderno, el "Ursus" de la película "Quo Vadis?" estaba en Lima el mes pasado y desde allí nos llega su última carta acompañada de retratos, programas y recortes de periódicos en que se narran sus hazañas.

Lo que nos hizo más gracia fué la carta del formidable celta. Había lanzado un reto a todos los aficionados o profesionales del país, para disputarse un premio nada menos que de 100 libras oro, que él ofrecía a quien lo venciese, pero nadie pudo lograrlo.

El que más cerca anduvo fué un norteamericano, campeón también, llamado Albert E. Reid; pero apenas comenzado el segundo round, lo inmovilizó Balsa sobre el ring con una hábil torsión del brazo izquierdo.

Se impacientaba el público que llenaba el "Excelsior" y deseaba gozar más fuertes emociones, y entonces Balsa tuvo que repetir el reto a grito herido, para imponer orden.

"El Sr. Ostroporchenko, de nacionalidad rusa—dice "El Perú"—se presentó entonces, diciendo que estaba dispuesto a tener un encuentro con Balsa, pero de lucha romana y no americana. Balsa aceptó en el acto, pero su retador pidió que el encuentro se realizase otro día, pues no estaba preparado..."

El "choteo" fué monumental y Andrés comenta lo ocurrido con frases llenas de



amargura en su estilo pintoresco.

"Sabrán mis amigos—nos dice—que he debutado en ésta con un luchador que decía ser un gran luchador; pero resultó seudo." (Quiero decir, sin duda, pseudo... luchador).

"Por estas Repúblicas—añade—no se encuentran hombres fuertes (¡ejem! ¡Quen me dé unha piña doulle un dólar!) Lo que abunda mucho es la anemia."

Definitivo. Pero no se descorazona. Buscando mayor espacio a sus empresas y fiando en que encontrará con quien habérselas, escribe aún:


"El mes que viene salgo para Chile. En esta parte sí que hay mucha acción al sport y son muy fuertes los chilenos. De allí pasaré a la Argentina a luchar con quien quiera y después daré un salto a esa querida patria para descansar un rato."

Hombre, sí, que bien lo merece. Y de paso tendremos el gusto de conocerlo "verbalmente", como él dice.

Con lo que no estamos conformes es con que venga deseoso de estrechar la mano "fuertemente"... en señal de gratitud.

¡Arrenégote! Con nosotros estás cumplido, Balsa!

LA VOZ DE GALICIA agradecerá el aviso de cualquier deficiencia que advirtiesen nuestros suscriptores en el servicio del periódico, para aplicar inmediato remedio.



► Andrés Balsa coa Unión Mugardeas de Instrucción. La Habana, 1922.

Un aspecto de los concurrentes al almuerzo que en "La Polar" celebró el pasado domingo, 24, la "Unión Mugardeza de Instrucción."
No es difícil notar que uno de los mugardeas de más peso es el estimado compatriota Andrés Balsa, que fué invitado de honor en esa fiesta.

Un certo cansanzo do mundo da loita, xunto a ese espírito inqueda e de continuo rebulir de Balsa, levouno a interesarse por outro deporte que estaba a ser moi popular e que lle permitía seguir combatendo; o boxeo.

O período comprendido entre 1915-1920, ano en que vai regresar a Galicia, é dunha grande actividade para Balsa que viaxa continuamente por Cuba, Brasil, Arxentina, México, Panamá, Perú e Chile. As novas dos xornais informan de moitos dos seus combates contra os mellores loitadores (Dr. Roller, Aberg, Ulrich, etc.) e tamén da súa participación en espectáculos derrubando touros, en México e Perú, aproveitando tódalas oportunidades que lle ían xurdindo, o que lle permitiu embolsar boas cantidades de diñeiro. As novas da súa carreira xa eran frecuentes e regulares, como por exemplo a do xornal *El Correo Gallego* do 7 de Abril do 1916, en plena 1ª Guerra Mundial, que informaba dunha victoria de Balsa na Habana sobre a loitador alemán Charles Wagner: (...) nosotros enviamos nuestro parabién al hércules mugardeés, cuyo triunfo sobre un campeón alemán es, en estos momentos, de un simbolismo e im-

portancia grandes, y que puede oponer al grito de guerra germano un triunfador ¡EI CARBALLEIRA!

Un certo cansanzo do mundo da loita, xunto a ese espírito inqueda e de continuo rebulir de Balsa, levouno a interesarse por outro deporte que estaba a ser moi popular e que lle permitía seguir combatendo; o boxeo. Unha nova disciplina na que se vai a mergullar sen ningunha aprendizaxe previa, fiándoo todo á súa fortaleza, nunha aventura ben complicada, Caracterizouse por ser un púxil dunha extraordinaria valentía e cunha gran pegada, aínda que falto de técnica. A partir do ano 1918, con 35 anos, comeza a súa carreira puxilística no peso pesado, na que chegou a pelexar con púxiles importantes como Sam Langford, Jim Flynn, Floyd Johnson ou o arxentino Luis Ángel Firpo, a quen lle aguantou seis asaltos, e que logo no ano 1922, pelexou o título mundial co mítico Jack Dempsey, que ostentou o título durante seis anos seguidos. O propio Balsa foi un retardor constante de Dempsey, mais non logrou pelexar con el, aínda que afirmaba que chegou a ser o seu sparring durante un tempo. Chile, Uruguay, México, Cuba, Arxentina ou Estados Unidos foron os escenarios das súas pelexas en América, No período 1918-1931 hai documentados un total de 42 combates, dos que gañou 24, perdeu 15 e 3 foron nulos. Co paso dos anos foi recoñecido polos expertos como un auténtico pioneiro do puxilismo galego.



1920-1948

O retorno a Galicia. Adestrador de fútbol

Xa levaba tempo Balsa pensando volver á súa terra, mais a chea de compromisos que tiña por terras americanas e o estalido da 1ª Guerra Mundial (1914-1918) foron adiando a viaxe. Por fin, o 1 de Xullo de 1920, chegou ao porto de Vigo, a bordo do vapor *Desna*, acompañado da súa dona Faustina Prieto, filla de emigrantes galegos en La Habana, viaxando logo para Mugar dos á casa dos seus pais na Pedreira. Foi recibido con entusiasmo, pois xa era recoñecido e popular; recibiu varias homenaxes, como a celebrada en outubro dese ano en Ferrol e ofrecido polo *Club Naval* en colaboración co *Coro Toxos e Froles*, no que Balsa entregou as luvas de boxeo do seu último combate, adicándolle o coro a seguinte cantiga:

“Eiquí estamo l-os de Toxos, con ferreñas e pandeiro, pra festexar o máis grande loitador do

◀ O 31 de Outubro de 1920, o *Coro Toxos e Froles* homenaxeou a Balsa en Mugar dos, cunha comida popular onde foi recoñecido e nomeado socio de honra da agrupación.

mundo enteiro. Oxe trouxemos zapatos —pois nos lastiman as zocas— quixemos vir a entrega que fas das tuas manoplas. Eiquí vimos todos xuntos, todos feitos uns matós, por ver si queres tirarte con nosco uns pescozós. Din que aló en Inglaterra —xa o ouvimos outra vez— o noso valente Balsa descoxuntou a un inglés. Para cantar e bailar viva miña irmá Tomasa, e para dar pescozós, non vos hay como Balsa. Vale máis estar comendo bós xamós e bós moletes que non liarse con Balsa tres minutos a moquetes. Si tedes delor de moas deixavros de praticantes, pois Balsa dún puñetazo vol-as quita nun instante”.

O 31 de Outubro, o mesmo *Coro Toxos e Froles* homenaxeou a Balsa en Mugar dos, cunha comida popular onde foi recoñecido e nomeado socio de honra da agrupación: A la una de la tarde esperaba en el muelle de la citada villa a la lancha que conducía a los

expedicionarios, el sr. Balsa acompañado de un gran gentío, atraído por los repetidos toques de sirena de la lancha; al desembarcar el coro cantando coplas alusivas al ya célebre luchador, la multitud hizo objeto a aquél de una prolongada ovación, y lo acompañó recorriendo las principales calles de la villa. (*El Correo Gallego* 02/11/1920).

Entre estas homenaxes vaise producir o debut de Balsa na súa terra, cun combate de loita greco-romana contra Otto Leboer no teatro Jofre de Ferrol, coa victoria do mugar dos. O xornal *El Correo Gallego* informa do mesmo e destaca a súa importancia: (...) el espectáculo, por ser para aquí un verdadero acontecimiento, tiene para Ferrol además el interés grande que en sí despierta, el ser el debut en España del triunfador atleta gallego Andrés Balsa que con tantas simpatías cuenta entre nosotros.

Foi amigo doutro gran campión da época, o nadador Abelardo López, membro do equipo de natación do *Club Naval*, que nestes anos era veciño da vila de Mugar dos, a quen acompañou nunha embarcación no seu segundo intento de facer a travesía a nado dende Ferrol ata A Coruña, que completou nun tempo de cinco horas e media, nun traxecto dende O Vispón ata Seixo Branco (Oleiros).

A partir de agora, con pequenas estancias en América ou Inglaterra por combates que lle xorden, a súa carreira vaise desenvolver en España: loita greco-romana, loita libre, boxeo; Balsa compaxina tódalas disciplinas e nunca desbota unha loita ou combate sempre que poida. Ferrol, Coruña, Ourense, Vigo, Palencia, Madrid, Barcelona, Alicante, etc., van a ser escenario das súas loitas e pelexas. Aínda lle queda tempo para tomar contacto co mundo do fútbol, un deporte diferente ao que estaba acostumado, que xa tiña moito éxito e aceptación social e no que podería desenvolver os seus coñecementos da cultura e preparación física.

CELTA DE VIGO

Arredor do ano 1925 atopamos a Andrés Balsa establecido en Vigo, onde abre un ximnasio na rúa Auxiliadora nº 6 para dar clases de boxeo e loita, ademais de masaxe e cultura física en xeral.

En agosto dese ano, Balsa xa figura como adestrador do Celta, un club de



DE IZQUIERDA A DERECHA: De pie, Balsa (entrenador), Lilo, Pasarín, Cabezo, Bienvenido, Balbino, Queral.—RODILLO A EN TIERRA: Reiqosa, Chicha, Rogelio, Polo y Pinilla.

▲ Balsa, adestrador do Celta. Campión de Galicia no 1926.

reciente fundación —23 de Agosto 1923—, resultado da fusión dos clubs *Real Vigo Sporting Club* e *Real Club Fortuna*, e que disputaba os seus partidos no campo de Coia. Balsa foi chamado para encargarse da preparación física do equipo, nunha época na que isto era unha rareza pois non se lle prestaba moita atención a este aspecto, e quedou tamén como adestrador, subs-

tempada competían 6 equipos na serie A —Racing Ferrol, Deportivo A Coruña, Celta, Eiriña, Pontevedra Athletic e Unión Sporting—, gañando o torneo o Celta baixo a dirección de Balsa, co Deportivo segundo clasificado. No posterior campionato de España o Celta chegou ás semifinais, facendo un gran papel.

Na seguinte tempada, 1926-1927, o mugardés vai a continuar de adestrador e o equipo disputa o Campionato de Galicia, xunto aos mesmos que participaron o ano anterior agás o Pontevedra Athletic que se retirou no último momento, deixando a competición en cinco equipos. Nesta ocasión mudaron as tornas, e foi o Deportivo o que gañou o campionato, resultando segundo o Celta. Porén, no Campionato de España, o cadro vigués fixo un mellor papel chegando a cuartos de final. Rematada a tempada houbo unha renovación da xunta directiva, que decidiu non renovar a Balsa e fichar a un adestrador escocés, W.H. Cowan.

Despois do seu paso polo Celta, retomou a súa actividade no boxeo e no ano 1928, á idade de 45 anos, proclamouse Campión de Galicia dos pesos pesados, vencendo en Vigo a Raúl Rod.

Balsa foi chamado para encargarse da preparación física do Celta e quedou tamén como adestrador, substituíndo ao británico Francis Cuggy para a tempada 1925-1926.

tituíndo ao británico Francis Cuggy para a temporada 1925-1926.

O equipo disputaba o Campionato de Galicia. Aínda non existía o Campionato de Liga; disputábanse varias ligas rexionais e os campións de cada unha delas xogaban o *Campionato de España* ou *Copa del Rey*. En Galicia había serie A (serie como unha primeira división) e serie B (2ª División). Nesta



DEPORTIVO DA CORUÑA

Logo do seu paso polo Celta, Balsa foi chamado polo Deportivo para adestrar ao equipo na tempada 1928-1929, xusto no momento no que se vai a constituir o Campionato Nacional de Liga, organizado pola Real Federación Española de Fútbol (RFEF). Na Primeira División ían participar dez equipos: os seis gañadores do Campionato de España (Athletic Bilbao, Real Madrid, Real Unión de Irún, F.C. Barcelona, Arenas de Getxo e Real Sociedad S. Sebastián) máis tres finalistas (Athletic de Madrid, Europa de Barcelona e R.C.D. Español de Barcelona). A praza restante disputouna o Deportivo xunto a outros nove equipos, un deles o Celta; resultando a mesma para o Rácing de Santander.

O Deportivo, baixo a dirección de Balsa, competiu na 2ª División. O primeiro partido oficial do club na Liga disputouse o 17 de Febreiro de 1929 no campo de Mendizorroza de Vitoria, fronte ao Deportivo Alavés, saíndo derrotado o equipo coruñés por 3-1. No Campionato, composto por dez equipos, o Deportivo quedou en oitava posición, salvando a categoría no último partido xa que os

O Deportivo chamou a Balsa para adestrar o equipo na tempada 1928-1929, xusto no momento no que se vai a constituir o Campionato Nacional de Liga, organizado pola Real Federación Española de Fútbol.

dous últimos descendieron de categoría, un deles o Celta.

Ao remate da tempada, Balsa foi substituído por Félix Gila que non mellorou os seus resultados. Queda para a historia do deporte e o fútbol galego, que foi este murgarés o primeiro adestrador do club na Liga nacional de fútbol.

C.D. CASTELLÓN E VALENCIA C.F.

A seguinte etapa na súa carreira futbolística lévao ata o Levante español. Alí foi contratado para adestrar ao C.D. Castellón, na tempada 1931-32. O equipo competía na 2ª Di-

▲ Balsa, adestrador do Deportivo. Partido contra o Celta (10 de marzo de 1929) da Copa de España no Parque de Riazor.

Foto: Arquivo do R.C. Deportivo

visión da Liga nacional e tamén disputaba o Campionato de Valencia, organizado pola federación de fútbol valenciana; unha tempada que remataba cun sétimo posto na Liga e o subcampionato de Valencia. A seguinte, 1932-33, foi unha tempada convulsa no club que rematou coa súa expulsión da Liga antes do remate, por unha serie de incidentes orixinados polo público no seu estadio de *El Sequiol*, nun partido contra o Oviedo, xunto a un delicada situación económica que derivou nunha serie de impagos dos que se viu afectado o propio adestrador mugardés.

No ano 1933, Balsa foi fichado polo Valencia C.F. para exercer, nun principio, de masaxista/preparador físico. O equipo estaba adestrado polo inglés Jack Greenwell, xogaba na primeira división da Liga nacional e disputaba tamén o Campionato de Valencia, logrando esa tempada gañar ese Campionato e chegando á final da Copa do Presidente da República (Copa de España), que perdeu contra o Real Madrid de Ricardo Zamora, Quincoces e Samitier.

Na tempada 1935-36 chegoulle a Balsa a oportunidade de adestrar ao Valencia na 1ª División, substituíndo a Antón Ferver, quen non foi quen de xestionar o importante desembolso económico do club, acadando o noveno posto, dun total de 14 equipos. Con Balsa de adestrador, o Valencia mellorou un posto, resultando oitavo ao final da competición; unha competición suspendida pola sublevación militar de xullo de 1936 e a guerra posterior.

Durante o período da Guerra Civil (1936-39) Balsa permaneceu en Valencia, leal ao goberno lexitimo da república. O Valencia C.F. quedou baixo o control dos empregados e traballadores do club; nomeando o 13 de agosto de 1936 unha comisión xestora composta por socios, xogadores e empregados. A comisión foi presidida por José Tortajada, tenente alcalde do concello de Valencia polo PVE (Partit Valencianista d'Esquerra) e Andrés Balsa formou parte da comisión deportiva. Durante estes tres anos organizáronse novas competicións nesta zona republicana: A Liga do Mediterráneo e a Copa da España Libre ou Copa da República, cun calendario entre xaneiro e xuño de 1937. Os participantes, o Valencia C.F. entre eles, eran equipos valencianos e cataláns, resultando o Barcelona campión da Liga e o Levante da Copa. Logo do remate da guerra, a Federación Española de Fútbol non recoñeceu oficialmente ningún destes títulos.

Os anos 40, baixo a presidencia de Luis Casanova, foron importantes para o Valen-

A finais dos sesenta, co repentino falecemento do seu fillo, torcéronse as cousas e houbo dificultades económicas. O Valencia C.F., coñecedor desta situación, axudou para que puidesen volver a España.

cia coa consecución de varios títulos, nos que Andrés Balsa foi parte fundamental na súa tarefa de masaxista e preparador físico, como segundo dos adestradores Eduardo Cubells e Ramón Colina: Campión da xa denominada Copa del Generalísimo no ano 1941 e Campión da Liga nas tempadas 1941-1942 e 1943-44, coa mítica dianteira eléctrica Epi, Amadeo, Mundo, Asensi e Gorostiza.

Arredor do ano 1946, xa con 63 anos, Balsa deixou o Valencia logo dunha traxectoria de 13 anos nos que participou na consecución dos títulos máis importantes ata ese momento. Deixou un recordo imborrable no club pola súa humildade, moi valorado pola súa aportación como preparador físico dos distintos cadros de xogadores e cumprindo cando tivo que actuar como adestrador. O semanario deportivo Torneo, destacaba do mugardés: (...) *Forja los atletas, la materia prima para que el especialista en fútbol pueda actuar. A Balsa le debe el Valencia gran parte de sus éxitos.*

A tempada 1946-1947 volveu adestrar ao Castellón C.F. que militaba na 1ª División da Liga. Os resultados non foron bos e o equipo descendeu a Segunda. Remataba a súa carreira no fútbol, que comezara aló polo 1925 en Vigo, unha cidade importante para Andrés Balsa pois alí naceu o seu fillo Alberto Prieto Balsa (tivo outro fillo: Andrés), que foi xogador do Rácing de Ferrol nos anos 1952-53.

Logo do seu retiro sabemos que, a finais dos anos 50, Balsa e a súa dona marcharon para Brasil onde estaba o seu fillo Andrés, que rexentaba alí algúns negocios. A finais dos sesenta, co repentino falecemento do seu fillo, torcéronse as cousas e houbo dificultades económicas. O Valencia C.F., coñecedor desta situación, axudou para que puidesen volver a España a pasar os seus últimos anos, falecendo Balsa no ano 1973.

Andrés Balsa Antón, mugardés valente, loitador no deporte e na vida; un dos pioneiros do boxeo español e membro destacado da historia do fútbol galego. ¶





*“A existencia dun pobo advírtese
polas marcas e os seus trazos de identidade
que o distinguen dos demais, e por elas coñeceralo.
E se se aparta das súas pegadas
o seu rastro será difícil de atopar”.*

Mohamed Mohamed Salem



Sema
Pérez

A Cultura, unha semente de Liberdade no medio do deserto

O presente e o futuro dun pobo non se pode comprender sen a análise histórica e cultural da súa identidade. A sociedade e o pobo saharauí fai gala dunha fortaleza admirable, resistindo como sociedade autoorganizada, nun cruel exilio no inferno na terra (hamada¹ alxerina do deserto do Sáhara) dende hai 45 anos.

Quero agradecer á Asociación Apelón Educación a oportunidade que me brinda de poñer un altofalante á miña experiencia

persoal, familiar e profesional co pobo e a cultura saharauí. Desta experiencia nace a miña admiración e forte lazo afectivo con este pobo dividido e castigado por Marrocos e a comunidade internacional (incluída España) que obriga e/ou consinte unha situación humanitaria intolerable de 173.000 seres humanos (ACNUR, marzo 2018) para conservar certos intereses económicos ilexítimos.

Nestas condicións inhumanas, o pobo saharauí loita por sobrevivir e por aferrarse e conservar a súas señas de identidade: a lingua propia (hassania), as tradicións, a cultura, a tradición oral como pobo nómade, o seu saber, así como asegurar o nivel intelectual e

1 Hamada: “o deserto máis hostil, o inferno”. Hai unha maldición beduina que di: “Que Deus te condene a vivir na hamada”.

cultural dos e das súas cidadás, como táboa de salvación e garantía de futuro na pervivencia do seu pobo.

Pola relación coa miña profesión como técnica de animación sociocultural, quixera destacar dous proxectos culturais que veñen a reforzar a súa identidade cultural, e a manter a esperanza de xustiza e a dignidade como pobo e que tiveron o privilexio de coñecer na miña viaxe de 2005.

Como noutros viaxes aos campamentos de refuxiados saharauís, a viaxe de 2005 foi accidentada e inesquecible: perdémonos no deserto e aparecemos moi lonxe do pobo da nosa familia acolledora, pero a calidez e

a acollida deste pobo e a sorte fixo que nos atopáramos cun ex delegado do Goberno Saharauí en Galicia que nos axudou a chegar sans ao noso destino. O recibimento da familia, coma sempre: ledicia, apertas e darnos todas as comodidades para que descansáramos. O pobo saharauí destaca pola súa hospitalidade, gusto polas conversas e sorrisos. A acollida celébrase coa tradición de compartir tres téis de benvinda, que teñen unha explicación poética: o primeiro é amargo como a vida, o segundo é doce como o amor e o terceiro é suave como a morte.



O proxecto *Bubisher* ten como fin facer chegar ao inferno alxerino libros, coñecemento, saber, cultura... futuro.

O Bubisher. O paxaro de boas novas

A primeira vez que oín falar do *Bubisher* foi alo polo ano 2004, a través da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, da cal formaba parte. Sorprendeume o proxecto polo contexto hostil no que se desenvolve, coñecedora das inmensas dificultades para facer chegar aos campamentos calquera mercancia ou material.

O proxecto Bubisher² ten como fin facer chegar ao inferno alxerino libros, coñecemento, saber, cultura... futuro. Un dos princi-

pios do Decálogo da Filosofía do Bubisher non é ensinar senón invitar a ler.

O Bubisher é froito da unidade de ideas e de esforzos. O proxecto nace nun encontro literario entre o escritor Gonzalo Moure e o alumnado do Colexio San Narciso en Marín (Pontevedra). Xurdiu a idea de levar libros ás escolas saharauís, pero o gran problema que se atoparon era como facelos chegar ata un lugar tan hostil. Un rapaz do grupo dixo "e se os levamos nun bus, nun bibliobús!?". Esta idea foi collendo forma da man dun grupo de escritores ao que se sumaron mestres, bibliotecarios, escritores polo Sáhara. E comezou a primeira selección de libros.

² <http://www.bubisher.com>

O día 22 de novembro de 2008 chegaba aos campamentos de refuxiados o primeiro Bibliobús, doado polo Goberno Vasco, cheo de libros e de ilusións. Saía en barco dende Alacante a Alxeria. A partir de aquí, créase unha rede inmensa de colaboradores por toda a xeografía española: mestres, asociacións, concellos e un longo etcétera. Pero o máis importante é o compromiso dun grupo de saharauís coa cultura traballando con firmeza para que o Bubisher fora coñecido e que formara parte da sociedade saharauí. Os comezos foron duros, o primeiro bibliobus achegábase ás vilaias e dairas, preto das escolas, para que a rapazada se familiarizara con el. Estamos falando dun deserto con temperaturas que alcanzan os 50 graos no verán, coas comunicación moi limitadas, sen apenas estradas e onde as distancias cortas levan horas de traxecto.

Así que, aló polo 2005, cando preparaba a miña viaxe aos campamentos, propuxen ao CEIP Unión Mugardeza que o alumnado escribira para a rapazada saharauí das escolas de primaria. Quero lembrar que o hassania é a lingua da poboación saharauí, pero a segunda lingua é o castelán. Pois ben, este feito de facer de correo xa me parecía un reto, máis que nada polas dificultades de moverse polo deserto, principalmente porque daquela non había moitos medios e non podía imaxinar como farían para levar tantos libros e conseguir nada menos que unha biblioteca. Así que quixen coñecer máis sobre algo tan interesante.

Despois de doce anos, segundo Gonzalo Moure, vicepresidente da *Asociación de Escritores polo Sáhara*, a valoración é moi positiva xa que entre todos fomos capaces de construír toda unha rede de bibliotecas. A primeira biblioteca física foi na vilaia de Smara, o primeiro "niño" do bibliobús, ás que seguiron as vilaias de Auserd, Bojadur e Dajla, conseguindo montar catro bibliotecas fixas e catro bibliobuses percorrendo o árido deserto para chegar a toda a poboación. Cando se consiga montar a quinta biblioteca e o quinto bibliobús, o Bubisher chegará a cumprir o seu obxectivo, que non é outro que chegar ao cen por cen da poboación refuxiada poñendo ao seu alcance dez mil exemplares da cultura escrita en castelán e en árabe. Conseguiuse preservar a herdanza oral saharauí, pero tamén acceder á cultura global. Hoxe, o Bubisher conta con bibliotecarias e bibliotecarios formadas, que traballan nos clubs de lectura, poesía, teatro e fotografía. É un proxecto saharauí, o resto somos colaboradores. Conseguiuse a edición de libros propios como

Cando se consiga montar a quinta biblioteca e o quinto bibliobús, o Bubisher chegará a cumprir o seu obxectivo, que non é outro que chegar ao cen por cen da poboación refuxiada.



"*O neno de luz de prata*" escrito por Gonzalo Moure pero ideado polas nenas do club de lectura de Farsia, "*Agua y Arena*" redactado por Mónica Rodríguez pero nace das ideas das nenas, ou "*Ritos de Jaima*" do poeta saharauí Limán Boisha. A importancia da edición e venta dos libros fai posible seguir mantendo o proxecto, así como poder dar un salario aos profesionais que xestionan as bibliotecas.

O Ministerio de Cultura e Educación fai unha grande labor por conservar e manter a súa identidade cultural. O pobo saharauí conta con cancións, historias orais tan importantes que se transmiten das/dos avós e avoas. Un dito saharauí di que: todo ancián que morre é unha biblioteca que desaparece. Concretamente, nestes dous proxectos o Ministerio de Cultura Saharauí apoiou dende o seu inicio e a súa permanencia. Son conscientes de que seu destino como pobo vai unido á súa potencia cultural e identitaria, xa que si esta desaparecera, tamén o faría o seu futuro e tamén a esperanza á que se aferran para sobrevivir.

▲ Entrega de material na escola infantil de Auserd.



O FiSahara. Festival Internacional de Cine

O FiSáhara é o único festival internacional de cine no mundo que nace e se celebra nun campo de refuxiados. Foi creado no ano 2003 polos saharauís dos campamentos e a sociedade civil española. É un festival anual de cine, cultura e dereitos humanos que o que busca é entreter e o empoderamento do pobo saharauí a través do cine, así como darlle visibilidade internacional ao conflito do Sáhara Occidental. O pobo saharauí atopou neste novo arte unha ferramenta para a autoexpresión, de resistencia cultural e de activismo polos dereitos humanos, dando paso á cinematografía saharauí.

A programación do FiSahara combinaba proxeccións de películas, con mesas redondas, obradoiros, concertos, unha feira cultural tradicional saharauí, entretemento infantil, carreiras de camelos.



Posto que coñecía o deserto e sabía das dificultades para organizar calquera actividade alí, tiña moita curiosidade por ver como se organizarían para executar esta ampla programación cultural, o reto de colocar unha gran pantalla, equipos de son e iluminación

▲ Momento dunha proxección durante o FiSahara.
Foto: FiSahara

no medio do deserto, onde non hai luz eléctrica, e onde toda a enerxía provén de paneis solares...

Ese ano o Festival celebraba a súa segunda edición en Auserd, vilaia da miña familia saharauí, coa cal pasaría a miña estancia. Esta edición tería que terse realizado no mes de decembro do 2004, mais non foi posible debido ás dificultades loxísticas, de recursos humanos e materiais. Pero co esforzo das partes implicadas de España e do Sáhara, en marzo do 2005 saíron dous avións con 160 prazas cun amplo abano de nacionalidades: saharauí, española, venezolana, danesa, inglesa, sueca, peruana, italiana, senegalesa, alxerina e alemana. Entre eles asistirían actores/actrices e músicos como: Iciar Bollain, Maribel Verdú, Mercedes Sampietro, José Coronado, Lola Dueñas, María Barranco, Benito Zambrano, Pere Joan Ventura, Alberto San Juan, Javier Ruibal etcétera. Tamén acudiron periodistas de distintas partes do mundo. Para moitos deles era a primeira experiencia nun campo de refuxiados, no medio dun deserto. A súa estancia ía ser coas familias saharauís nas súas khaimas, sen luz eléctrica nin auga corrente, sen ningún dos privilexios e comodidades que tiñan no seus países.

Ao día seguinte da nosa accidentada chegada aos campamentos, preparámonos para asistir a ver toda a montaxe do Festival.



As nenas e nenos da miña familia saharauí estaban entusiasmados coa idea de poder ver cine, nunha pantalla enorme, no deserto. Posiblemente se non estivéramos alí non terían esa oportunidade, xa que estaba lonxe da súa daira, pero aínda así conseguimos un coche e puidemos acudir. Impresionoume todo o despregue, a ilusión e o esforzo humano no medio deste deserto hostil, onde os medios escasean e todo dificulta cada movemento: mover as bobinas, o son, conseguir a electricidade...

O FiSahara abriu unha escola de cine nos campamentos: a *Escola de Formación Audiovisual "Abidin Kaid Saleh"*. A escola foi construída no ano 2010 e abriu as súas portas no ano 2011. O seu obxectivo principal é capacitar a xuventude saharauí na produción de cine e vídeo, para que poidan retratar as súas vidas, abordar problemas críticos e

para o empoderamento das comunidades. A escola atópase na vilaia de Bojadur e ofrece aloxamento e manutención para que calquera xoven das distintas vilaiais poida acudir a formarse. Nos primeiros anos o 85% do alumnado foron mulleres. A maioría da xuventude saharauí está formada con titulacións en diferentes carreiras, pero ten o problema de vivir nun campo de refuxiados, en medio do

▲ Carátulas da película "Hamada" e o libro "Territorio Ocupado", enfocadas na realidade saharauí.

O obxectivo principal da *Escola de Formación Audiovisual Abidin Kaid Saleh* é capacitar á xuventude saharauí na produción de cine e vídeo.



▲ Momento da rodaxe de "Solo son peces"

A maioría da xuventude saharauí está formada con titulacións en diferentes carreiras, pero ten o problema de vivir nun campo de refuxiados, en medio do deserto.

deserto, o que xera falta de oportunidades para poder desenvolverse profesionalmente. Para moitas e moitos, o acudir a esta escola de formación dálles a oportunidade de contarlle ao mundo da súa existencia. Moitas das estudantes poden participar en proxectos cinematográficos que se gravan nos campamentos, e están empezando a facer as súas propias películas, facendo un cine exclusivamente saharauí. Nestas producións abordan dende historias orais e tradicionais da cultura saharauí, desafíos sociais, económicos e culturais da vida nun campo de refuxiados ata cuestións de identidade (xénero, xeracional, cultural...) e igualdade de xénero.

O Bubisher e o FISahara nacen grazas á SOLIDARIEDADE, TESÓN E ESFORZO das persoas saharauís e de diferentes orixes. Estou convencida de que esa mesma solidariedade e esforzo farán que algún día vexamos un SAHARA LIBRE. Polo de agora, ambos manteñen a memoria viva, para que ninguén esqueza que o POBO SAHARAUI ten unha identidade propia.¶



▲ Escola de formación de mulleres 27 de febreiro.

RECOMENDACIÓNS:

SOGAPS (Asociación Solidariedade Galega co pobo Saharauí).

CEAS SAHARA (Coordinadora Estatal de Asociacións Solidarias con el Sáhara)

Libro: **TERRITORIO OCUPADO** de Fran Alonso (Xerais, 1998).

Película: **HAMADA** de Eloy Domínguez Serén (2018).



Isolina Montero, muller coraxe



José Manuel
Varela

Isolina é un deses casos de supervivencia en tempos moi difíciles, sobre todo para aquelas persoas que tiñan uns ideais non compatibles coa época que lles tocou vivir.

INFANCIA E ADOLESCENCIA

Isolina foi unha nena que como tantas outras naceu e viviu no rural, que construiu o seu mundo arredor da súa familia, dos seus veciños e dos nenos e nenas de Rilo, un lugar da parroquia de Meá, en Mugar dos.

Os primeiros anos da súa infancia transcorreron sen sobresaltos, pois o seu pai emigrrou a hispanoamérica e consegue manter a familia en España con certo desafogo económico.

Dician os vellos que o que non pasa nun ano, pasa nun día; de súpeto, e sen explicación algunha, perdeuse o contacto con Antonio en sudamérica e por conseguinte deixaron de recibir os cartos que dende a emigración chegaban con regularidade. Resultaba moi difícil naqueles tempos (primeira metade do século XX) atopar o paradeiro dun familiar do que non chegaban noticias, estando a miles de quilómetros de distancia.

Esta inxuedanza alongouse durante sete anos, e pasado este tempo a familia de Isolina recibe a noticia do seu falecemento, rematando así todo tipo de especulacións sobre o seu paradeiro.

A vida desta familia de catro membros (nai e tres fillos) tivo que adaptarse á nova situación e traballar arreo para poder subsistir sen a axuda paterna. Isolina non foi allea a esta nova realidade e axudou no que puido, dada a súa xuventude, no benestar da familia.

Os atrancos que lle puxo a vida no seu camiño, non foron impedimento para que esta rapaza, inqueda e moi curiosa, se esforzase cada día por aprender. A lectura era unha das súas paixóns; lía á noite durante horas co verme da luz dunha vela ou dun candil todo o que caía nas súas mans, un libro, unha revista, ou unha simple folla con tal de que tivera letras.

Sendo moi nova moceou con Antonio, veciño do Galiñeiro con quen acabaría casando con apenas dezanove anos.

ISOLINA E ANTONIO

Antonio Bastida, republicano e socialista, traballou dende os quince anos como pintor na S.E.C.N. (La Naval), a que logo sería en 1947 Bazán. Casou con Isolina polo civil en xaneiro de 1936 e tiveron dúas fillas, Chitola e Tona. Con apenas seis meses de casados comeza a guerra civil, e a vida deste xoven matrimonio cambia radicalmente.

O marido de Isolina foi recrutado polo bando nacionalista (golpista) o 29 de xaneiro de 1937. Xunto con outros compañeiros acordaron fuxir para pasarse ao bando republicano; Antonio logrou o seu propósito en solitario pois os seus compañeiros non secundaron a acción cando xa estaba todo organizado.

Apresado polas forzas franquistas cando tomaron Santander en agosto de 1937. Pasou por diversas cárceres ata o ano 1942 en que foi excarcerado, negándosele o reingreso no seu posto de traballo. Logo de varios anos de cadea volveu a casa sen traballo, e cunha grave enfermidade. Houbo quen dixo que "ao mandalo para casa aforraban o fusilamento, pois a súa morte era inminente".

Apenas dous anos máis tarde morreu Antonio sen coñecer a súa segunda filla, que nacería tres meses despois da súa falecemento. No leito de morte casou pola igrexa con Isolina, convencido pola súa familia, para evitar represalias para a súa muller e fillas.

► En 1937 Isolina Montero casou polo civil con Antonio Bastida, con quen tivo dúas fillas.





▲ Isolina coa súa nai e as súas fillas.

VIÚVA, FILLA E NAI ISOLINA E AS SÚAS MULLERES

A biografía de Isolina está chea de experiencias sorprendentes que dan mostra do tesón e a forteza desta muller coraxe. Viúva con vintecinco anos e sen ningún tipo de recursos económicos, tivo que traballar arreo para sacar ás súas fillas adiante e coidar de súa nai, encamada por enfermidade.

Unha formación persoal moi estimábel para aquela época e un carácter moi afable servíronlle para sortear tódolos atrancos que a vida e o réxime franquista lle puxeron no seu camiño. Traballou de costureira, pantaloneira e mariscadora. Facía alpargatas na casa, que logo vendía por unhos céntimos, e mesmo cosía roupa para unha xastrería de Mugardos. Aínda tiña tempo para atender á súa familia, traballar no campo, e como dicía ela, sacar a pasear as galiñas.

Un feito singular foi que consegue traballar de costureira en Capitania Xeral en Ferrol, algo extrañísimo tendo en conta os antecedentes de Isolina e que se trataba dunha institución militar. Un día co correspondente permiso quedou en casa para facerlle un

Unha formación persoal moi estimábel para aquela época e un carácter moi afable servíronlle para sortear tódolos atrancos que a vida e o réxime franquista lle puxeron no seu camiño.

vestido á súa filla pequena que ía facer a comunión. Ao día seguinte, cando volvía ao traballo, xa a estaba agardando na porta de Capitania o comandante para decirlle que chegara unha información asegurando que era prima de Pancho (o guerrilleiro), e a pesar que aclarou que era prima da muller, non de Pancho, inmediatamente quedou despedida.

É digno de resaltar que logo deste suceso, os compañeiros de traballo do seu marido, fixeron unha colecta e compráronlle unha maquina de coser. Coa súa máquina na cabeza, e durante 40 anos, Isolina percorreu boa parte das parroquias de Mugardos casa por casa, facendo labores de costura (dende primeiras horas da mañá ata a noite en moitas ocasións).

OS ESCAPADOS NA VIDA DE ISOLINA

Isolina vivía coas súas fillas na casa de súa nai, que era tía da muller de Pancho. Sen dúbida, debido a este lazo familiar os escapados frecuentaban a casa para esconderse, comer, ou durmir. Por este motivo, a garda civil tamén aparecía pola casa de Isolina sen previo aviso, a calquera hora do día ou da noite. Nada máis chegar á casa, levantaban o piso buscando algún refuxio ou cova onde poideran estar escondidos os escapados. Despois de varias horas de rexistro, deixaban a casa patas arriba. Por sorte os veciños axudaban a amañar a desfeita.

Cando aparecía na casa xente descoñecida (os escapados), á filla pequena decíanlle que eran "os tíos lonxanos que ela non coñecía", e que viñan de cando en vez.

Como queira que na casa había dúas nenas, unha delas moi pequena, cando aparecía na casa xente descoñecida (os escapados), a ésta decíanlle que eran "os tíos lonxanos que viñan de cando en vez, e que ela non coñecía".

Ainda co paso dos anos aquela filla pequena (Tona) recorda unha anécdota cando menos curiosa e que lle fai sorrir. Un día, unha cabra que tiñan na horta estrangulouse ao enrollarse coa corda nunha árbore; a rapaciña foi a contarlle aos seus tíos (os de verdade), e estos díxéronlle que sendo así a cabra ben valía para comer. A nena sorrindo coa inocencia dos seus 5 ou 6 anos, informoulles que a cabra xa a comeran os "outros tíos" (os escapados).

Todas estas experiencias fixeron de Isolina unha muller forte e precavida, pero con un carácter alegre e picaro, con moita dose de retranca como boa galega. Aprezaba moito o valor da amizade e o respecto polos demais, algo que intentou transmitirle ás súas fillas, polo que sempre sentiron un profundo cariño e admiración pola súa nai.

VECIÑAS E VECIÑOS DERRADEIRO RECORDO

Esta breve historia é so un pequeno retazo da vida dunha muller traballadora, pero sobre todo optimista e xenerosa, polo que sempre gozou do cariño e o respecto de familiares e veciños. Morreu no ano 1984 aos 67 anos de idade. Sirva como homenaxe a tódalas mulleres que, como Isolina, tiveron unha vida dura, pero que souperon saír adiante con dignidade, orgullo e determinación.

A súa familia nunca esquecerá a solidariedade que lle prestou a veciñanza en momentos tan difíciles.

Mil grazas. ¶

▼ Isolina con familiares e veciñas en dúas celebracións.



POR UN BOCADIÑO DE NADA



Vero
Rilo

Na casa vella de Rilo vivían unha avoa, un avó, unha bisavoa, un bisavó, un tío, unha tía, unha curmá, un can, media ducia de galiñas, un papagaio, unha nai, un pai e unha filla.

Corrían os tempos do San Martiño no ano de María Castaña e nesa altura a nai díxolle á filla:

—Maruxiña, mañá érguete cedo e vai dereitiña para casa de Pedro, acaban de matar o porco e hai que ir polo fígado.

E lembra: non enredes polo camiño.

—Ai si, si. Ai, mamá.

—Ai, si, si. Ai xa, xa. Colle o camiño máis curto, Areosa arriba ata a Cristo sen parar.

Á mañá seguinte amenceu coma a anterior, o ceo cantaba, as nubes levantaban...

E Maruxiña amenceu coma todas as mañás, saltando nas puntas dos pés e ao mirar pola xanela pensou:

Dous días seguidos de sol en novembro!

Vou dando a volta e que me leve o vento!

E decidiu ir polo camiño máis longo, o que ía pegadiño ao mar.

Camiñando viu na marea unha mancha de ollos, e parou coller unha presada de ameixas.

Total por un momentinho de nada...

Máis adiante parou na casa dunha veciña darlle os bos días e trocou as ameixas por un almorzo.

Total, por unha parrafadiña e un petisco...

Un chisco máis alá andaba a rapazada a xogar á corda:

—Maruxiña vente que nos falta unha.

—Ai, pois por unha que non quede!

Total, por unha partidiña pequena...

Entre unhas e outras deu chegado a Santa Lucía para a hora do xantar pero viu a Estrela que viña cargadiña de sargos:

—Ai, Estrela, pícame a fame.

—Ai, Maruxa, sempre igual. Prende un lume, anda, que comer e rascar...

E se non sabedes, xa volo digo eu, non hai comida sen sesta. Deulle a volta á barca e alá debaixo quedou durmida.

Total por pechar os ollos un anaquiño...

Unha hora

Dúas horas

Tres horas...

Abre un ollo Maruxa, abre o outro ollo Maruxa e... a noite encima!

—Ai, miñanaiquerida! Alá vai o fígado!

Corre que te corre, chegou ata casa de Pedro e tiroulle unhas pedriñas na xanela.

—Pedroooo, Pedroooo —berraba baixiño.

—Que queres Maruxa? —preguntou Pedro dende a xanela.

—Veño polo fígado!

—Vai bo o fígado, tardabas tanto que o comín.

—Malachispatecoma! E agora que fago?

—Non che sei, Maruxiña, como non vaias ata o cemiterio...

—O cemiterio?

—Hoxe tocou a morto, se cadra aínda está fresco!

Meu dito, meu feito. Alá foi Maruxa, desenterrou o morto, colleu a navalla e zasca!, sacoulle o fígado e foi ás carreiras para a casa. O fígado meneábase coma un flan nas mans da nena pero ela correu e correu ata chegar á casa para a cea.

—Ai, Maruxa, a boas horas!

—Ai, miña nai, sempre son poucas...

—Trae, anda, trae, que xa está picando teu pai as cebolas.

Aquela noite todos cearon, agás Maruxa e a súa avoa que seica estaba desganada e foi para cama con ela.

Pero Maruxa non pegaba ollo...

Entón tocaron as doce da noite e escoitouse unha voz que dicía:

—Maruxiña

UA, UA

Devolve a carne

Pra sepultura...

—Ai, avoa, quen será? —preguntaba a nena cubríndose coa saba.

—Cala neniña que xa se irá —respondía a avoa despreocupada.

E outra vez a mesma voz, pero máis preto:

—Maruxiña

UA, UA

Devolve a carne

Pra sepultura...

—Ai, avoa, quen será? —preguntaba a nena atando cabos.

—Cala neniña que xa se irá —respondía a avoa case durmida.

Xa dende dentro do cuarto:

—Maruxiña

UA, UA

Devolve a carne

Pra sepultura...

—Ai, avoa, quen será? —preguntaba a nena.

—Cala neniña que xa... zzzzzz —roncando.

E foi entón cando Maruxiña escoitou a voz na súa orella:

—Maruxiña

UA UA

Devolve a carne

Pra sepultura

E non marchó, non

Que o morto son!

E abriu a boca para papala enteira.... (total, por un bocadiño de nada) pero Maruxa colleu o ouriñal de debaixo da cama e espetoullo na cabeza. Zasca!

E, ao que o morto caía ao chan, díxolle:

—Oíches, e eu son Maruxiña Ua Ua

E para que queres ti fígado,


Se xa estás na sepultura?


E así foi

e así (case) mo contaron.

E, aos poucos,

este conto vai contado.





Centenario da *Institución Escolar Franza y Seijo* (1921-2021)



**Miguel A.
Rodríguez
Vázquez**

A emigración constitúe o maior elemento definitorio da poboación galega contemporánea. Durante máis dun século, o feito migratorio formou parte das vivencias dos galegos e foi o factor decisivo na configuración da Galicia do primeiro terzo do século XX.



**Jorge
Gómez
Rodríguez**

Para facernos unha idea da súa importancia e magnitude, estimábase que entre os anos 1836 – 1960 houbo un saldo migratorio neto de arredor de dous millóns de galegas e galegos; principalmente cara a América: Arxentina, Cuba, Brasil, Uruguai, Venezuela, EEUU...

Podemos valorar o período entre 1860-1930, como o da máxima intensidade migratoria, con picos importantes como o comprendido entre 1911-1930, cun total de 734.000 galegos que emigran a América, sendo os anos de maior índice o 1912 e 1920, con 73.000 e 77.000 emigrantes respectivamente.

Practicamente tódolos concellos galegos víronse afectados pola emigración, como foi o caso de Mugarodos, e dun xeito importante xa que podemos avaliar que, nos anos da segunda década do século XX, un total do 9 % dos seus habitantes estaban en América, sendo a illa de Cuba o destino maioritario.

Unha vez establecidos nos países de destino, os emigrantes galegos esforzáronse por loitar contra o analfabetismo e promover a educación nos seus lugares de orixe, ante as lamentables carencias educativas que presentaban es escolas públicas e privadas en Galicia. Tiñan moi claro que este era o único camiño para lograr que os galegos

Unha vez establecidos nos países de destino, os emigrantes galegos esforzáronse por loitar contra o analfabetismo e promover a educación nos seus lugares de orixe

non tivesen que emigrar, e que si o facían, fora cunha preparación axeitada, necesaria para desenvolverse con éxito na súa aventura americana. Foi esta motivación a que fixo que naceran as Sociedades de Instrución, un fenómeno característico e particular da emigración galega de ultramar: dende o ano de 1904 ata 1936 constituíronse en América un total de 525 destas sociedades, que

promoveron, custearon ou sostiveron uns 235 colexios.

Con pequenos matices, a maioría destas asociacións seguían o mesmo esquema, cunha directiva en América, que asume a dirección e unha delegación na parroquia de orixe, na que se delegan os traballos da administración das respectivas escolas e as tarefas burocráticas e de representatividade diante das autoridades locais. Na comarca de Ferrolterra foron un total de 27 sociedades, das que 23 tiñan a súa sede na cidade da Habana, pois foi Cuba o destino preferente dos seus habitantes, que promoveron un total de 22 escolas, cun total de 43 aulas e a construción de 20 novas edificacións. Unha desta sociedades foi a *Institución Escolar Franza y Seijo*.

▼ Edificio sede de Casteleiro & Vizoso, lugar onde se fundou a Sociedade.
Foto: Arquivo Naveiras.



A sociedade de instrución, “Institución Escolar Franza y Seijo”.

Como sucedeu no resto do concello de Murgados, os habitantes de Franza e do Seixo que decidiron emigrar a finais do século XIX e no primeiro terzo do XX, elixiron maioritariamente a illa de Cuba como destino, e a cidade de La Habana como núcleo principal. Unha vez alí exerceron oficios e ocupacións diversos: no comercio, na industria, servizos, hostalaría e nas actividades pesqueiras aqueles que tiñan xa este traballo no seu lugar de orixe, habitando estes últimos no barrio de Casablanca na baía habaneira, coñecido polos galegos como Peixiño. Algúns deles que logo, en boa medida, foron socios fundadores da nova sociedade, como Gaspar Calvo Vizoso e Fernando Sanjuán Vizoso, traballaron na *Ferretería Casteleiro & Vizoso*, unha das


máis importantes da capital cubana e que era propiedade de Segundo Casteleiro Pedrera e Gaspar Vizoso Cartelle.

Foi alí, nos locais do imponente edificio de *Casteleiro & Vizoso* na rúa Lamparilla nº 4, onde se reuniron o 13 de Novembro de 1921 un grupo de naturais de Franza e O Seixo, nunha primeira toma de contacto, coa finalidade de organizar *una Sociedad para el sostenimiento de un plantel de enseñanza y construcción de un edificio apropiado, en dicha parroquia de Santiago de Franza*. Tomáronse os acordos de constituír a sociedade; que a casa-escola tería que ser edificada nos terreos comprendidos entre o cruceiro e a igrexa, coa preferencia de que fosen máis próximos a esta; por último nomear unha comisión que se encargara da redacción dun Regulamento para a nova sociedade. Asistiron á reunión un total de doce persoas: J. Fernández Sisto, Pedro Dopico, Joaquín Sisto, Federico Casteleiro, Ramón Otero, Gaspar Calvo, José Abelleira Pérez, Alfredo Fernández, Fernando Sanjuán, Edelmiro Sisto, Estanislao Rey e Manuel Sisto. Os sete primeiros foron os encargados de preparar o regulamento.

▼ José Fernández Sisto, 1º Presidente da Institución. Arquivo: J. Gómez



▼ Regulamento da Institución. 1922. Arquivo: J. Gómez



O 17 de Decembro de 1921 celébrase unha Xunta Xeral na que vai quedar constituída a nova sociedade, logo da aprobación do regulamento, que nos seus primeiros capítulos recolle o nome e obxecto da mesma e as características do plantel escolar:

Artículo 1º. Esta Sociedad se ha de titular “Franza y Seijo”, Institución Escolar, con domicilio en La Habana.

Artículo 2º. Facilitará INSTRUCCIÓN SUPERIOR gratuita a los socios y a sus hijos.

También pueden disfrutar de estos beneficios otros alumnos de ambos sexos, que no siendo socios ni hijos de estos, carezcan de los recursos necesarios (...)

Artículo 3º. El sistema de enseñanza que se implantará en esta Institución Escolar ha de ser estudiado por la Directiva, oyendo el parecer de la Delegación.

El plan de estudios ha de responder a las necesidades que estime pertinentes esta Sociedad, pero adaptándola a la enseñanza oficial de la Nación (...)

Artículo 4º. La casa-Colegio será construída de acuerdo con los modernos sistemas de Pedagogía y Sanitarios.

El lugar de emplazamiento del edificio, será en el ámbito comprendido de la Iglesia al Crucero, pero procurando por todos los medios posibles, que se utilicen para estas finalidades, terrenos apropiados, empezando por la Iglesia.

El edificio será utilizado única y exclusivamente para el objeto que interesan los socios: LA INSTRUCCIÓN (...)

No regulamento establécense os requisitos que deben cumprir os alumnos para ingresar na escola: (...) es indispensable que los aspirantes a alumnos hayan cursado la instrucción elemental, poseyendo por lo menos los conocimientos necesarios de lectura, escritura, sumar, restar, multiplicar y dividir números enteros Los alumnos a su ingreso han de tener por lo menos siete años de edad (...). O articulado reflexat tamén a fundación dunha Delegación da sociedade na parroquia de Santiago de Franza, composta por un máximo de cinco persoas, con Presidente, tesoureiro e secretario; coa obriga de enviar un informe mensual á sociedade, con copia das actas das reunións que celebren. Os asociados da parroquia pagarán unha cota, como mínimo, de dúas pesetas mensuais.

Nas disposicións finais recóllese o procedemento a seguir no caso de disolución da sociedade, que só poderá verificarse por acordo de dúas terceiras partes dos socios fundadores e de número, reunidos en xunta xeral extraordinaria, nomeándose logo unha

comisión liquidadora: Liquidado todo lo perteneciente á la Sociedad, si queda sobrante, el importe líquido que resulte se destinará al socorro de los vecinos más necesitados del Seijo y Franza (...). Como veremos, chegado o momento, non se operou segundo o estipulado.

A primeira directiva da sociedade, nomeada nesta Xunta xeral, estaba composta polos seguintes naturais de Franza e O Seixo: Presidente, José Fernández Sisto; primeiro Vicepresidente, Gaspar Calvo; segundo Vicepresidente, Joaquín Sisto; Tesoureiro, Edelmiro Sisto; Viceteseureiro, José Abelleira; Secretario, Fernando Sanjuán; Vicesecretario, Pedro Dopico. Completaban a directiva un total de quince vogais e seis suplentes. A partir de 1922, a Secretaría e sede social da sociedade vai a estar no Centro Gallego da Habana, ao que se lle aboa un aluguer de 5 dólares mensuais. Os primeiros datos que coñecemos do número de socios da Institución son de finais de 1923, cun total de 146 asociados en Cuba.

En Novembro de 1922 quedou constituída a Delegación da sociedade en Franza/Seixo, logo da reunión celebrada no salón da Marina

De todos os veciños da parroquia, foron Federico Casteleiro e Francisco Vizoso Cancela os que traballaron máis arreo a favor da nova sociedade e da constitución da Delegación

do Seixo, cunha directiva composta polos seguintes veciños da parroquia: Presidente, José Deus; Tesoureiro, Juan José Bouza; Secretario, Felipe Bello Piñeiro; Vogais, Fernando Sanjuán e Federico Casteleiro; Vogais suplentes: Pedro Díaz, Angel Porto, Pedro Manso, Francisco Vizoso e Marcial Roibal. De todos eles, foron Federico Casteleiro e Francisco Vizoso Cancela os que traballaron máis arreo a favor da nova sociedade e da constitución da Delegación, o que non foi unha tarefa doada; por todo elo foron nomeados socios de honra da Institución

O Plantel escolar. A escola do cruceiro.

A mediados do ano 1922, o Presidente da sociedade, José Fernández Sisto, viaxou a Franza para ultimar a compra dos terreos onde construír a nova escola. Os terreos eran propiedade de Fernando Sanjuán, que cede gratuitamente a súa parte á sociedade, e de Nicolás Pazos, que cedeu a súa por un prezo moi barato, fixado e aboado por un grupo de veciños da parroquia. Por este xesto os dous foron nomeados socios de honra da sociedade. O importe dos gastos notariais (Escritura, dereitos reais, inscrición no rexistro...) foron tamén aboados polos veciños.

Ao ano seguinte a Delegación remite uns planos para o novo edificio do plantel, que son rexeitados pola sociedade en La Habana, (...) en el sentido de que dichos planos no responden a las exigencias de la pedagogía moderna(...). Decidiuse entón encargar un novo proxecto á *Compañía de Construcciones Frederick Snares Corporation*, que foi aprobado por unanimidade. A compañía e o seu arquitecto Sr. Gamba, renuncian aos seus honorarios; só houbo que pagar o traballo dos delineantes, importe que foi satisfeito de xeito particular polo tesoureiro Gaspar Calvo. A sociedade tomou a decisión de xirar un importe de 30.000 Ptas. á Delegación para dar comezo ás obras.

O 16 de Xuño de 1924 foi a poxa pola construción do plantel escolar, que foi adxudicada a Germán Brage pola cantidade de 53.400 Ptas. cunha data de remate en agosto de 1925. Ao longo do ano a sociedade remitiu outras 15.000 Ptas. para ir completando o financiamento da obra. A escola, que estaba rematada a finais do 1925, é unha edificación dunha soa planta, na que se distribuían dúas aulas, unha para nenas e outra para nenos; aseos, biblioteca e salas para mestres. Na fachada sobresaen un soportal cunhas escafinatas e dúas grandes columnas, rematadas por un arco rebaxado.

Logo de rematada a obra, estableceuse o plan de estudos que estaba composto polas seguintes materias: Aritmética, Gramática, Lectura, Escritura, Física, Geometría, Geografía, Historia natural, Derecho, Fisiología, Cuentas, Agricultura, Trabajos Manuales, Urbanidad, Historia Sagrada, Educación Social. A finais de 1927 á escola asistían un total de 37 alumnos, dos que só 3 eran nenas. O mestre era Antonio Martínez Zárata, que cobraba un soldo de 250 ptas. mensuais, aumentado a 275 en setembro de 1928.

Sete anos despois da fundación da sociedade, a escola de Franza era unha magnífica realidade, funcionando de maneira satisfactoria; mais na altura do 1927 comezan a facerse visibles os problemas, xurdindo enfrontamentos no seo da sociedade, principalmente entre os veciños de Franza/Seixo e membros da Delegación coa Directiva da Habana o que se traducía nunha continua baixa de asociados na parroquia e, tamén, na sociedade en Cuba. Unha memoria da Institución do ano 1928 é ben ilustrativa desta progresiva deterioración: *Es muy penoso manifestarlo, más a pesar de los esfuerzos realizados por la Junta Directiva para evitarlas, las bajas en las listas de socios son constantes y sin causa justificada (...) Consignada queda la labor llevada a cabo por la Junta Directiva que hoy cesa, durante el año. Para la que ha de sucedernos, le deseamos éxitos y satisfacciones de*

Na altura do 1927 comezan a facerse visibles os problemas, xurdindo enfrontamentos no seo da sociedade, principalmente entre os veciños de Franza/Seixo e membros da Delegación coa Directiva da Habana

que no ha disfrutado la que se despide de sus amigos y convecinos. A finais deste ano, os socios de Cuba eran 87 e na Delegación quedaban 21.

A escola seguiu funcionando, mais como queira que a situación non melloraba e as relacións na sociedade seguían a deteriorarse, a directiva da Institución Escolar "Franza y Seixo" redactou, en febreiro de 1932, un manifesto dirixido a tódolos socios e veciños da parroquia no que expoñía, logo dunha serie de consideracións, a resolución de pechar o plantel: *Careciendo de la cooperación necesaria por parte del vecindario de la parroquia de Santiago de Franza y por las grandes dificultades ocasionadas por la crisis económica que azota a este país, siendo la consecuencia numerosas bajas en las listas de asociados, y ante el temor de que se agoten los recursos necesarios para cubrir las necesidades del plantel, resolvió la Junta General confirmar por unanimidad el acuerdo de la directiva comunicado por cablegrama en doce de diciembre proximo pasado, cerrando provisionalmente el plantel, mientras no se halle la solución adecuada a las dificultades señaladas.*

EL NUEVO GRUPO ESCOLAR FRANZA-SEIJO



▲ Primeiro proxecto da escola.
La Voz Galicia (24.09.1922)

▼ Alumnos nunha aula da
escola co seu mestre Antonio
Martínez Zárate. 1927





▲ Escola Franza y Seijo, fachadas principal e traseira. 1927.



▲ O edificio na actualidade.

Non houbo solución e o peche, nun principio temporal, foi definitivo, quedando o edificio en situación de abandono, cun paréntese no ano 1941, cando foi incautado o edificio polo concello de Mugardos, aínda que con pouco uso e rendibilidade. Diante deste estado de cousas, e coa disolución da Sociedade consumada xa dende había varios anos, o 3 de Decembro de 1954, reuníronse en Franza un grupo de antigos socios fundadores e de número da Institución para, logo de constatar que (...) el edificio se fue deteriorando lentamente y lo fueron despojando de todo cuanto tenia de aproveitable quedando reducido en la actualidade a cuatro paredes; considerando ademais que ofrece un peligro inminente para toda la parroquia por estar sirviendo de guarida a (...) toda clase de gente maleante que en el busca su refugio en los momentos difíciles (...) y teniendo presente que no podemos pensar en convertirlo nuevamente en local de primera enseñanza por

quedar muy distante de los núcleos de población de esta parroquia y sobre todo por hallarse dotados los lugares de Franza de un magnífico grupo escolar, y por estar proyectado otro para el pueblo del Seijo (...), acordar a cesión do local da escola á *Cooperativa Agrícola e Gandeira de Santiago de Franza* para o seu uso como local social. Con posterioridade, arredor de finais dos anos 60, o edificio pasou a depender da Igrexa.

Na actualidade o edificio está en estado ruinoso, logo de moitos anos de abandono, mais conserva a súa forte e rexa estrutura. Aproveitamos este centenario da Institución Escolar "*Franza y Seijo*" para suxerir ás administracións (Concello, Deputación, ...) a posibilidade de recuperar o edificio; sería unha boa oportunidade, logo da desafortunada decisión de derrubar o edificio da *Unión Mugardesa*, de preservar a memoria e conservar o legado froito do traballo destas sociedades que tanto loitaron por facilitar, en tempos difíciles, o estudo e a educación das mulleres e homes do concello de Mugardos. ¶

BIBLIOGRAFÍA E DOCUMENTACIÓN:

CARNEIRO REY, J.A. e RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, M.A. (2009): *Historia de Mugardos*. 3ª Ed. Mugardos.

CARNEIRO, J.; GÓMEZ, J.; RODRÍGUEZ, M.A. e SANFIZ, H. (1998): *O Seixo no pasado*. Pontedeume

LLORCA FREIRE, G. (2018): *Centenario das Escolas de Instrucción dos "Naturales del Ayuntamiento de Fene" 1916-2016*. A Coruña.

PEÑA SAAVEDRA, V. (2000): "*As escolas de americanos en Galicia: proxectos e realizacións na comarca de Ferrolterra*". Cátedra nº 7. Pontedeume.

RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, M.A. e CARNEIRO REY, J.A. (2010): "*Unha escola de indianos: A Unión Mugardesa*". Cátedra nº 17, Pontedeume

.....

Arquivo: Jorge Gómez Rodríguez

GALICIANA. BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA: <http://biblioteca.galiciiana.gal>

www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca


Terrorismo da paisaxe

“Por lo visto, por todas partes en el mundo ‘desarrollado’ las comunidades humanas y sus soportes naturales y culturales están siendo destruidos, no por desastres naturales o intervención divina o por una invasión de fuerzas enemigas, sino por una forma de vandalismo legalizado que se denomina ‘la economía’”

(Wendell Berry).



Javier
Sánchez





Albores do S.XXI, primeiros do mes de xuño, na Redonda, en Mugar-dos, cos primeiros raios de sol dun día que comeza como única compañía, camiño distraído por unha das fermosas sendas que percorren o termo municipal. O son dos paxaros, o cheiro provinte da vexetación primaveral, espesa, multicolor e descontrolada, que asoma invadindo cada recuncho do sendeiro, convida á tranquilidade, á relaxación, esquivando calquera proceso mental que puidera desafiar á calma.

De súpeto, o noutrora silencio ensoñador, deixa paso a una sorte de ruidos chirriantes como queixumes de dor, mesturados con acelerados motores, con berros humanos entrecortados e golpes secos, que mesmo fan retumbar o chan polo que avanzo paseniñamente. A poucos metros, no fondal do camiño, o panorama cambia de forma traumática: árbores derrubados de xeito caótico, cortan o paso

e mesmo impiden ollar máis alá da desfeita que estase a perpetrar.

Contaxiado pola inquietude e o desorde que me rodea, angustiado pola quebra da paz que instantes antes invadíame, acelero o paso e noto coma o corazón contaxiase. Achégome a un escenario dantesco e mesmo obsceno. Tres homes, vestidos con cores que mimetizanse no paisaxe do bosque ferido, manexan máquinas que non cesan de golpear e de mancar todo aquilo que aparece no seu ir e vir polo terreo, que coma si dunha guerra se tratase, acumula decenas de troncos esparellados a modo de cadáveres naturais.

Berro de impotencia, súo, e fago acenos cas mans, enrabetadas e nerviosas tratando de reclamar atención, máis parezo invisible. Aproveitando un transitorio cese da actividade, a modo de tregua, miranme sen quererme ver. Fálolles con acritude, e profiro verbas de indignación

que sen embargo agochan o meu medo. Só un parece entenderme e sorri con aire de prepotencia, namentres acende de novo a súa infernal maquinaria. Sen máis que facer, aproveito a tirar unhas fotos, e recollo, a través da cámara, retratos da desolación que deixan tras de si. Cun máis que aparente enfado, volto tras os meus pasos e voume alonxando da escea contrariado e impotente a partes iguais, mentres deixo os estrondos e as queixumes. Unha vez máis fun espectador da traxedia consumada do ser humano, egoísta e irrespectuoso ca Natureza.

Quixen comezar este pequeno artigo, co relato dunha situación persoal vivida, e que ben podería valer para calquera de nós, e para calquera día do ano. O certo é que na nosa contorna, na nosa vila, os bosques e montes atópanse malferidos e nunha situación límite tendo en conta que somos un territorio de pouca extensión en metros cadrados, e que por tanto tampouco é que dispoñamos de enormes masas forestais, nin de milleiros de sendeiros, o que dá lugar a que sexa máis doado comprobar o dano, que máis unha vez, nós, os seres humanos, causamos no noso medio natural.

A saca de madeira é principalmente a orixe dos destrozos nas nosas masas forestais, aínda que tamén poderíamos falar "largo e tendido" dos numerosos verquidos indiscriminados, e doutros males que aínda en menor medida tamén asolan o noso medio natural. A actividade económica resultante de dita explotación madeireira, necesaria e ao tempo mal regulada, deu lugar dende hai tempo, á conxunción de diferentes actores neste xénero poderíamos cualificar de terror ambiental: unha devoradora e insaciable industria pasteira, un conglomerado de pequenas empresas do sector forestal, variopinto e de escasos escrúpulos, adicados á extracción madeireira, e o afán por parte dos propietarios dos terreos boscosos de

A explotación madeireira, necesaria e ao tempo mal regulada, deu lugar ao que poderíamos cualificar de *terror ambiental*

pór en valor as súas propiedades ca plantación de especies pirrófitas, de rápido crecemento que permitan sucesivos beneficios económicos en calquera anaco do territorio, mesmo en lugares de difícil acceso (ás veces merecedores do adxectivo de imposibeis). Deste xeito, se sumado a todo o anterior, engadimos a lasitude das deficientes regulacións na materia de explotación dos nosos bosques, e a ausencia "de facto" dos labores de vixianza e control sobre estas actividades xa temos pechado o círculo vicioso no que tristemente nos atopamos, onde dúas partes do noso territorio conformado polos bosques, ponse ao servizo dunha industria que pon en xaque de forma continuada a nosa biodiversidade e nos deixa ao final desertos.

A resultante de todo o anterior, indo ao visible do asunto, podémola comprobar nós mesmos: Cantos temos atopado camiños ou sendeiros destrozados pola entrada e saída de vehículos e maquinaria pesada? Como quedan as nosas sendas, os bosques, o borde litoral tras





as sacas de madeira? Cantos incendios son causados por esta mala praxe de deixar os restos forestais espallados trala saca? Cantos restos de lixo variado atopámonos nas zonas da tala, dende paquetes de tabaco, latas de bebida, botellas de plástico e mesmo bidóns da gasolina da maquinaria? En cantas ocasións temos comprobado como, baixo o pretexto da extracción do eucalipto, téñense arrasado zonas

Todo este dano, en moitas ocasións irreparable, que mesmo ten producido desastres a nivel de Patrimonio (mámoas, etc.), faise a plena luz do día

cheas de carballeiras ou castiñeiros, para gañar máis espazo para o eucalipto? A resposta que de seguro pronunciaríamos a maioría sería sen dúbida que estamos diante dunha boa desfeita medioambiental.

Pois si, todo este dano, en moitas ocasións irreparable, que mesmo ten producido desastres a nivel de Patrimonio (mámoas, etc.), faise a plena luz do día, usurpando o dereito ao paso da veciñanza ou pondo en perigo a súa integridade física (sen sinalización dos cortes e das sacas), invadindo terreos colindantes ou

mesmo estendendo o corte aos bosques que non son do propietario que autoriza a saca, e empregando con absoluta impunidade a rede de sendeiros e pistas forestais do noso municipio para achegarse a pé de monte e arrasar con boa parte das vías e camiños públicos que fican as máis das veces inservíbeis por tempo indefinido ou a perpetuidade sen que nada aconteza porque as Autoridades competentes nesta materia, a nivel local ou autonómico, acostuman a non actuar ou a "deixar facer" sen que se deriven sancións por os danos ocasionados.

Como conclusión, e sempre dende unha visión persoal da situación na que nos atopamos, penso que sería interesante darlle una volta á normativa a nivel local que regula o corte e a saca da madeira dos montes, dunha forma clara e actualizada á realidade. Trataríase de implementar medidas de control: primeiramente, sobre a localización das plantacións de eucalipto, de xeito que non se poidan dar en todos os lugares como acontece na actualidade, en segundo lugar sobre as actividades de corte e saca da madeira dos bosques para que non fiquen como ata o de agora facendo o que lles veña en gaña aos madeiristas e aos propietarios, senón que haxa vixilancia, antes, durante, e despois. Por suposto a nivel autonómico darlle un xiro ás políticas forestais actuais ca posta en valor dos nosos montes con outros modelos que abandonen o monocultivo do eucalipto en beneficio doutras especies autóctonas con maior valor engadido, e que protexan e fomenten a biodiversidade, na búsqueda dun monte galego con futuro.

CÓMPRE FACELO AXIÑA!



**Bernardo
Máiz Vázquez**

Don Ricardo Carbalho Calero (1910-1990) era un xigante que ao longo de sete décadas desenvolveu a prol de Galiza, da nosa lingua e da nosa cultura un inmenso labor poético, narrativo, ensaístico, xornalístico, docente. Membro do Seminario de Estudos Galegos, fundador do Partido Galeguista, oficial do exército republicano na Guerra Civil, preso político do franquismo, poeta, narrador, autor teatral, lingüista, ensaísta, membro da RAG, o primeiro catedrático de lingüística e literatura galegas da Universidade Compostelá, defensor de que o noso idioma forma parte do sistema lingüístico galego-portugués, postura que lle aportou a xenreira de certos sectores oficiais. Fronte a eles, Carbalho Calero, home disciplinado, gardou sempre unha exemplar dignidade persoal, mantendo a súa independencia cívica e coherencia crítica cara a unha autonomía limitada, pois, nas súas palabras, esa forma "mantén todo o aparato do estado unitario, mentres que a autodeterminación considera o problema dende o propio país galego".

En decembro de 1981, a iniciativa de SC Medulio, don Ricardo, "pola súa fidelidade á causa de recuperar o seu país e a súa propia cultura", recibiu en Ferrol a primeira homenaxe pública cando xubilado como catedrático. A proposta do BNG, foi nomeado Fillo Predilecto de Ferrol, honor que agradeceu en persoa achegándose á súa terra nativa o 7 de xaneiro de 1990, na que foi a última viaxe da súa vida.

Don Ricardo sempre se gabou da súa patria pequena, dándolle lugar na súa obra.

► Ricardo Carbalho
Calero coas súas irmás.
A Cabana, verán 1919.


A Cabana, Mugardos, O Seixo

Definiase don Ricardo como "ferrolán enxebre" e nesa cidade residiu de 1910 a 1926, de 1931 a 1936 e de 1941 a 1950. Ferrolterra, saiba nutricia da súa conformación persoal, ética, ideolóxica, foi na súa obra obxecto literario.

A CABANA

Moitas familias podentes (ou non tanto) de Ferrol, pasaban os veráns "Fuera de Puertas" (sic) ou na Outra Banda, que, curiosamente, para os ferroláns era todo lugar ao que navegaban lanchas de pasaxe da ría, aínda que, como a Cabana, onde transcorreron as estadias estivais na infancia e xuventude de Ricardo Carbalho Calero, estean na mesma Banda que Ferrol.


"Ja esquecín cantos foron os anos que pasamos naquela casa á beira do mar. Viñamos da cidade en coche da cabalos para instalar-nos nela, e volvíamos do mesmo jeito. Era unha viaxe curta. Máis non o facíamos máis que ao



Ricardo Carvalho Calero en A Cabana, Mugardos, O Seixo

*"De um jeito ou outro,
hei de entrar no meu povo
para ver se tropeço
com o neno que fum e que foi outro".*

R.C.C., en Reticencias (1986-1989)



PROPAGANDA GALEGUISTA

A xeira de Ferrol

Como xa temos dito, os días 7 e 8 do mes vindeiro farase a gran xeira de propaganda pol-a comarca ferrolán organizada pol-o noso Grupo de acordo co Comité do Partido.


Faranse mitíns o sábado 7 en Fene, Murgardos e Serantes. O domingo en Ferrol no teatro Xofre e pol-a tarde en Valdoviño, Cedeira e Cobas.

Ademais dos elementos ferroláns tomarán parte n-estes mitíns os irmáns Otero Pedrayo, Suárez Picallo Antón e Ramón Vilar Ponte e del Riego.

O anuncio d-estes aitos tén despertado verdadeira expectación i-entusiasmo entre os elementos galeguistas e nos pobos onde han de celebrarse.

FOLLAS NOVAS

▲ A Nosa Terra, agosto 1935.



▲ Debuxo de Carlos Silvar, 2020

principio e ao fin da temporada. O meu pai, e calquer persoa da familia que tivese que facer unha visita á cidade, cruzaba a ría en lancha de vapor, bote ou buceta. Un pequeno peirao, próximo á nosa casa alugada servía de base ás embarcações que facían a travesía". (RCC en "o lar de Clara", edición no 1984).

MUGARDOS

Sabemos de travesías adolescentes de Ricardo Carvalho ate Murgardos remando dende A Cabana e unha súa intervención nun mitin galeguista no Salón Pelayo murgardés en 1935.

No ano 1944, residindo Carvalho Calero en Ferrol en liberdade vixiada e sen esperanza de poder publicar, escribiu o poemario "O trebo de catro follas", inédito até 1996. Nesa obra está a copla XCIV, que reflicte moi ben a fachenda que caracteriza aos pulpeiros:

Os rapaces de Murgardos
cántanlles aos de Ferrol:
para mariños vosoutros
para mariñeiros nós.

O SEIXO

Amigo de Bello Piñeiro, con este, Matias Usero, Quintanilla, Nogueurol e outros, Carvalho Calero partillaba tertúlia no café Suizo de Ferrol. Asemade, o activismo de Bello Piñeiro dende a Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega, a militancia común no Partido Galeguista, e a amizade, levaron a Ricardo Carvalho varias veces a O Seixo:

Unha conferencia súa no ano 1933 está citada no laudatorio escrito necrolóxico que, falecido o pintor Bello Piñeiro en decembro de 1952, redactou Carvalho Calero a comezos de 1953:

"En fermosos e lonxanos días primavera, Felipe Bello Piñeiro tecía un monllo de frores no seu xardín do Seixo pra dona que connosco o visitaba. Tamén alí, na beiramar frondente, lía unhas verbas en loubanza dun mozo que ía falar á xente de poesía galega. Bello pintaba entón as súas paisaxes, escribía os seus ensaios, insinaba a súa arte, matinaba proxeitos. Frente a aqueles que só ven en Ferrol o desenrolo material, frente aqueles que se alonxan en percura de outros horizontes, Bello Piñeiro representaba a garimosa adicación á espiritualidade local vencellada ao



► Conferencia de Ricardo Carvalho Calero no edificio da Marina en O Seixo.

total espírito de Galicia. Para él, no seu recanto nativo estaba todo un universo”.

2020: Ano Carvalho Calero

Despois de trece campañas demandándolles, a Real Academia Galega escolleu Carvalho Calero como protagonista das Letras Galegas 2020. Lamentamos que a desventura sanitaria na que andamos e o desleixo das institucións, nalgún caso a mantenta, limitaran os actos na súa lembranza. ¶

CONFERENCIA DE CARBALLO CALERO

Con un lleno rebosante, en el que destacaba el elemento femenino, hubo de celebrarse, como previajente, habíamos venido anunciando, en el amplio local, “La Marina”, del Seixo, artísticamente adornado para dicho acto bajo la inteligente dirección de dos artistas: el distinguido paisajista Bello Piñeiro y el joven y ya notable caricaturista Juan Angel Castelleiro, la conferencia del Sr. Carvalho Calero, “Ollada xeral en col da lirica galega”.

Al entrar en el salón el culto conferenciante, es acogido con una carísimísima ovación, que dura largo rato.

Hizo la presentación del señor Carvalho Calero el Sr. Bello Piñeiro, quien leyó unas bellas, atinadas y correctas cuartillas en las que enumera los méritos del orador, haciendo resaltar la labor de galleguidad llevada a cabo en la Secretaría del Seminario de Estudios Galegos, “institución gloriosa que tanto ha contribuido a exaltar los valores de nuestra Tierra”.

Termina dedicando un recuerdo a los ilustres hijos del Seixo: el avador Piñeiro, “el primer españo” que en un aparato remonó los aires”, el Sr. Alvarito, de grata memoria, y el Sr. Castelleiro, que tanto ha contribuido a infiltrar el galleguismo en la localidad.

El Sr. Bello Piñeiro fué aplaudido cariñosamente.

El Sr. Carvalho Calero comienza diciendo que su presentador ha sobrepasado los límites de la cordialidad, al hacer una, a su juicio, alabanza inmerecida de su persona, y da las gracias a la concurrencia por el recibimiento que se le ha dispensado y por el precioso bouquet de flores que le entregó, a su llegada, una distinguida señorita. Dedica un párrafo lírico a exaltar la figura de Anón—muerto en Madrid—con motivo de adornar el escenario un cuadro de Bello Piñeiro, en el que éste refleja los últimos momentos del poeta.

Manifiesta que apenas es un poeta que hace compatible la búsqueda del puro arte artístico con la campaña por el resur-

gimiento de Galicia. Dice que viene sólo animado de un espíritu de cordialidad, a hablar de las glorias de la lengua gallega.

Lo más típico de la literatura gallega es la lírica. Existe una relación entre la literatura y el paisaje. En Galicia florece la lírica como género literario característico por las mismas razones que en Castilla ha florecido la ascética. El sentimiento de saudade propio de las razas celtas, contribuye también a que en Galicia la lírica sea el género literario dominante.

Se puede dividir en cuatro etapas el estudio de la lírica gallega. La primera etapa es la etapa medieval, romántica. Traza el cuadro de la literatura romántica gallega, y explica el hallazgo y difusión de los Cancioneros de la Vaticana, Colocci-Brancuti, Ajuda y Santa María. Se refiere al origen de la poesía medieval en Europa, y señala la filtración provenzal de nuestra poesía en la época que le ocupa. Explica las clases de cántigas usadas y lee algunos poemas de Códax, Charino, Tornerol y otros trovadores.

A partir del siglo xv, la literatura gallega cae en la postración, por causas especialmente de orden político. Los Reyes Católicos intentan, cumpliendo con las ideas de su tiempo, unificar a España en todos los órdenes y proscriben el empleo oficial de la lengua gallega. Como consecuencia de tal medida, desaparece el cultivo literario de nuestro idioma.

Resurge nuestra literatura a impulsos del romanticismo, que tendía a exaltar lo natural, por encima de oficialismos vacíos de emoción y de vitalidad. Ante la significación de Rosalía, Curros y Pondal. De los tiempos presentes, elige un poeta típico Bouza Brey, señala las influencias popular y medioeval en su obra, y lee varios poemas del autor de “Nao Senlleira”.

Termina excitando al auditorio al culto del gallego, manteniéndolo como el ser sincero es una probabilidad de felicidad, y como el olvido de nuestro idioma constituye una blasfemia y una aberración.

PARA SABER MÁIS

Carvalho Calero, Ricardo. “O lar de Clara”. Edicións do Castro. 1984

Dobarro Paz, Xosé María/Silvar, Calros. “Ricardo Carvalho Calero. Ferrol, a miña terra”. Edicións Embora. 2020

Màiz Vázquez, Bernardo (Coor.). “O Carvalho que fun en Ferrol. Aproximación a Ricardo Carvalho Calero”. Club de Prensa de Ferrol/Xunta de Galicia 2019.



Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva “Casino Mugardés”



**Manuel
López
Martínez**

A Sociedade “Casino Mugardés” ten a súa orixe no ano 1924. O primeiro local social foi o chamado “O Pósito” na rúa do Peteiro. Posteriormente este edificio sería a Escola do Pósito de Pescadores, e na actualidade está en ruínas, aínda que conserva o escudo da Sociedade na parte superior.

O segundo local foi “O Pelayo”, na rúa Avenida de Galicia, que despois foi o Local da Caixa de Aforros de Galicia, hoxe Abanca.

O 25 de decembro de 1967 inaugurárase o novo local social na rúa Os Corzás coa celebración dun baile que estivo amenizado polos Players e os Sprinters.

Nos seus comezos o Casino Mugardés era unha sociedade de carácter recreativo. Será nos anos 70 e 80 cando cambiará a súa denominación para pasar a ser unha “ Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva.”

Era tamén unha sociedade cunha vocación elitista, da que non era doado entrar a formar parte. Para ser socio había que acreditar solvencia económica ou relación de amizade con antigos socios.

Cando o Casino tiña a súa sede no Pelayo, o futuro socio debía someter a súa solicitude á votación da xunta directiva, cuxos membros decidían, mediante un sistema de bolas brancas e negras, aceptar ou rexeitar ao futuro asociado.

O sistema de entrada de novos socios evoluciona ao longo do tempo. Pásase de pedir o aval de dous socios e a aprobación da xunta directiva ao pago dunha cota de inscrición que non é obrigatoria para beneficiarios.



◀ O “Salón Pelayo” na Avenida de Galicia, onde ten actualmente as oficinas Abanca.

▲ A sede actual do Casino Mugardés, en Os Corzás. 1970.

Os bailes do Casino

A nosa Sociedade foi dende o seu nacemento un centro de reunión, de lecer, de socializar e mesmo de espertar ao amor para a poboación da vila e de toda a bisbarra. Non por casualidade moitas parellas comezaron a súa relación nalgunha das moitas actividades ofrecidas polo Casino.

Os bailes eran, sen dúbida, a actividade estrela. Houbo tempos nos que a fama dos bailes de Mugardos facía que fose preciso habilitar un servizo especial de lanchas ao remate dos mesmos, dada a afluencia de visitantes que chegaban doutras vilas para bailar ao noso son.

Os bailes espertaban un interese inusitado tamén dentro da vila. Quen era socio ou socia preparaba con esmero o traxe, os zapatos, os aderezos..., e quen non tiña a sorte de estar asociado tentaba asegurar un sitio nunha das fiestras —sempre abertas— do salón do Pela-

yo para poder albiscar os fermosos atuendos e os elaborados pasos de baile dos expertos bailaríns, sempre dispostos a deleitar ao público, sabedores de que serían o tema das conversas nos días posteriores.

A indumentaria propia dos bailes, elixida con tanto esmero, foi durante anos materia de controversia e desazón. A norma obrigaba aos homes a vestir chaqueta e garabata e ás mulleres traxe de festa. As mulleres parecían acatar a norma sen demasiadas protestas pero os homes... os homes teñen dado moitos problemas a diferentes equipos directivos!

Moitos sábados e domingos, grupos de rapaces das vilas limítrofes achegábanse ao pobo con intención de socializar e remataban intentando entrar no baile do Casino, pero como non viñan vestidos de xeito adecuado quedaban fóra. Cantos amores perdidos por culpa dunha chaqueta! O caso é que, ás veces, a indumentaria era un filtro moi acaído nun salón de baile donde xa non cabía máis xente.

▼ Baile do Farolillo. Foto de 1960.



As directivas

Aínda que na actualidade é difícil atopar persoas que asuman o compromiso de traballar na dirección do Casino, houbo unha época na que pertencer á directiva e contribuir a ter unha sociedade actualizada era motivo de orgullo persoal, e estaba moi valorado socialmente.

Tradicionalmente, a directiva estaba composta de Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro, Viceteseureiro e Vogais. Para mellorar o funcionamento, no ano 77 incorpórase un Presidente de Cultura e Recreativa e no ano 90 incorpóranse dous Vicepresidentes, un levando a Economía e Mantemento e outro en Cultura, Deportes e Recreativa.

Para recoñecer o esforzo dos membros das distintas directivas ao longo da historia da Sociedade a partir do ano 91 entréganse Insignias de Ouro e Prata no Día do Socio e mencións especiais no Día de Nadal. O Cadro de Honra, relacionado por orde alfabético, resume a historia das directivas da sociedade nos últimos 48 anos

(aínda que a Sociedade conta cuns 80 anos de historia, os libros de actas anteriores a esa data son dificilmente lexibles)



Presidentes



Mencións especiais




Actualización e mantemento do local social

Como todas as sociedades sen ánimo de lucro, dende un primeiro momento a Sociedade mantense a través das achegas económicas dos seus asociados con cotas mensuais e, ás veces, achegas extraordinarias.

Por exemplo, para a compra de terreos e construción do actual local social a achega, extraordinaria e voluntaria, aportada polos socios, foi de 500 pesetas (3 € actuais). Nese momento tratábase dunha cantidade considerable para cada familia. A todos os que fixeron a súa aportación estendéuselle un vale que permitía solicitar o reembolso da cantidade cando a Sociedade, unha vez rematadas as obras, contase con solvencia. Cabe dicir, e agradecer, que a inmensa maioría dos socios (aproximadamente o 90 %) nunca reclamaron tal reembolso.

Aproximadamente o 75 % das cotas sociais dedícase ao mantemento, conservación e actualización da Sociedade, algo moi necesario para evitar gastos extraordinarios que, sen embargo se presentan ás veces. Iso sucedeu no ano 1991 en que se produciu un gravísimo problema coa fosa séptica que chegou a poñer en risco de derrube o edificio. Ese problema poido solucionarse coa compra do solar anexo (onde está agora a cafetería), que permitiu conectar o edificio á rede de sumidoiro.

Directivos con máis de 4 anos de dedicación



Actividades

As actividades da sociedade variaron en función da época, do momento social, do momento económico, das modas e das directivas.

ANOS 70. OS BAILES.

Nos 70 os bailes consumían a maior parte do capital humano e económico da sociedade. Como xa dixemos, os bailes eran o centro das relacións sociais da vila.

O baile por antonomasia era de Ano Vello. Comezaba ás 10 da noite e remataba na mañanciña de Aninovo. Despois da cea, entre 300 e 400 persoas chegaban ao Casino, donde eran agasalladas con paquetiños de uvas que eran consumidas ao son dos platiños da batería que daba as doce mellor que o reloxo da Porta do Sol.

Outro baile destacado era o de Entroido. Os disfraces do baile de Mugar dos tiñan merecida fama en toda comarca. As modistas da vila traballaban arreo facendo gala de gran maestría e creatividade.

▼ Entrega do *Premio de Novela "Blanco Amor"* no 1982, no Casino Mugar d'és. Aque-la edición gañábaa Víctor F. Freixanes con "O triángulo inscrito na circunferencia".

No ano 1977 o Casino festexa por primeira vez as Letras Galegas. A sociedade programa conferencias, exposicións e venda de libros en galego.

ANOS 77, 78 E 79. AS LETRAS GALEGAS.

No ano 1977 o Casino festexa por primeira vez as Letras Galegas. A sociedade programa conferencias, exposicións e venda de libros en galego. Hai mostras de cerámica conmemorativa do Castro e de Buño. Hai tamén teatro e festivais, e para rematar as xornadas de festa o Casino agasalla a socios e convidados cunha queimada feita no propio salón.

No ano 79 hai un intento de formar unha agrupación músico vocal que non calla. Haberá que agardar ao ano 87 para contar coa Coral Polifónica. Unha coral que chegou a ser unha das mellores de Galicia.

ANOS 80. OS DE MENOS ACTIVIDADE .

Os anos oitenta traen unha caída na actividade do Casino Mugar d'és. Isto da lugar a un deterioro tanto material como social que pon á sociedade a piques da desaparición.





▲ A Coral Polifónica do Casino chegou a ser considerada entre as mellores de Galicia. A foto é de 1996.

ANOS 90. UN GRAN MOMENTO.

Nestes anos a Sociedade vive unha gran transformación en todos os aspectos. O máis importante é a incorporación da xuventude á Sociedade. Os rapaces e rapazas participan como directivos, como colaboradores e como organizadores de actividades.

Antes de facer un resumen da historia do Casino nestes anos hai que considerar o deterioro que arrastaba da década anterior: ás portas da Sociedade vendíase droga, consumíase dentro do local case todos os días e atascábanse os servizos coas xiringas. Houbo que pedir axuda ao Gobernador Civil a través do concello (sendo alcalde Monso) para que mandara efectivos policiais, Houbo que falar cos vendedores de droga e pechar a Sociedade dende as 14,30 ata as 17 horas. Máis pouco a pouco con medidas de control e sobre todo con actividades e a participación dos socios e da xuventude, a Sociedade non só volveu á normalidade, senón que acadou un dos seus mellores momentos. Como exemplo podemos citar os festivais xuvenís de verán coa participación de grupos como *Los Bonitos del Norte*, *Malpaso*, *Bajo Palmeras* e *Los Limones*.

A Coral Polifónica do Casino, creada en 1987, empeza a acudir a certames de corais. E no ano 91, aproveitando o rexurdir a Rondalla na vila, o Casino celebra o *Primeiro Certame de Rondallas* en colaboración co Concello. Hoxe en día lévase celebrando o Certame de Rondallas durante 29 anos consecutivos, posto que o ano pasado (2020 e este 2021) non se puido celebrar pola pandemia do coronavirus.

Prográmase cine de verán en colaboración da Xunta de Galicia e do Concello. Implántase as "noites de verán" nas que se convida aos socios a escoitar música en vivo e a bailar e, de vez en cando, a cear pinchos,

mexillóns, pementos ou chourizos que a directiva facía ao aire libre.

Inicianse as colaboracións coas outras sociedades da vila, nas que o Casino cede o seu local para a celebración de actos varios:

- > Desfiles de moda en fin de curso (Instituto, Colexio Loyola).
- > Demostración de Karate e ximnasia rítmica (Multigym).
- > Teatros, Beléns viventes (Colexio Catro Camiños).
- > Asembleas.
- > Letras galegas con conferencias, teatro, actuacións...

No ámbito deportivo, cabe destacar a celebración do *Open de Xadrez* no que participaban unhas 80 persoas, dentro das que estaban os campións a nivel galego e comarcal. A Sociedade tiña un equipo de 12 compoñentes participando a nivel federativo, con resultados moi bos tanto en xuvenís como en infantís.

A sociedade ten tamén equipos de baloncesto e balonmán federados. Os adestradores de baloncesto (Ditas, Zipi, Chicho, Fran, Juancho...) eran socios, e o seu labor sempre foi desinteresado. O bo traballo deu os seus froitos e na Sociedade había moitos nenos e nenas facendo deporte. Os resultados das nosas rapazas e rapaces foron excelentes, xa que os equipos infantil masculino e o feminino quedan campións da zona e participan no campionato galego.

O obxectivo de todas estas actividades deportivas era non só o de proporcionar á rapazada un lugar de reunión e de lecer senón tamén o de fomentar hábitos saudables.

Un cambio importante que acontece neste período é o de igualar o estatus de homes e de mulleres na sociedade. Ata o momento, os beneficiarios que cumprían 18 anos pasaban a ser socios de pleno dereito e comezaban a pagar a cota correspondente. As mulle-



◀ Os disfraces de entroido chegaban a ser impresionantes, como demostra esta foto de 1980 onde posa, no centro, a costureira.

res, pola contra, seguían sendo beneficiarias sempre, primeiro do seu pai, e despois do seu marido. A partir deste momento iguálase o trato, e tanto é socio/a ou beneficiario/a un home como unha muller, dependendo o seu estatus só da idade.

ANOS 2000. DÚAS CARAS DISTINTAS.

Nos primeiros anos do novo século o Casino Mugardes mantén a inercia dos anos noventa e segue desenvolvendo un número importante de actividades ao tempo que inicia obras de mantemento e de remodelación do local social de envergadura considerable: insálase a calefacción e, aproveitando o novo terreo adxacente, faise unha nova cafetería e tamén se cambian de sitio a biblioteca e secretaría.

Máis nos últimos anos da década a Sociedade comeza un lento pero constante declive en todos os aspectos.

ANOS 2010. TEMPOS DE CAMBIOS .

Nestes anos os cambios sociais e culturais que vive o país acaban por contaxiar a toda a masa social. O Casino Mugardes pasa por momentos difíciles. Ninguén quere ser directivo, nin tan sequera colaborar coa Sociedade. As críticas á directiva son constantes, e non son precisamente construtivas. Os socios/as van dándose de baixa e a Sociedade corre o risco de pechar e desaparecer.


Esta situación pódese facer extensiva a todas as sociedades da vila. A crítica destrutiva duns poucos contaxia a moitos. Queixámonos de que non hai nada, de que non se fai nada, de que é unha pena a falta de actividade en xeral, pero si algunha xente se xunta e trata de facer algo en calquera actividade, social, deportiva, ou cultural, xorde unha crítica destrutiva que remata por parar calquera tipo de iniciativa.

Agardemos que as nosas sociedades desenvolvan moitas e interesantes actividades das que todos poidamos beneficiarnos, e que se valore como se merece toda esa xente que axuda a facelas posibles.

Dende esta revista e con esta pequena historia sobre o Casino Mugardés, aproveito para dar as GRAZAS e expresar o MEU RESPECTO a todas as persoas que traballan en calquera actividade, ben sexa no ámbito social, deportivo, ou cultural, para que a nosa Vila e as nosas Sociedades sigan vivas e preparadas para poder gozalas. ¶

▼ Dúas formacións deportivas, de balonmano masculino e baloncesto feminino, que ilustran ben a importancia do deporte na actividade do Casino ao longo do tempo.





CINCO POETAS NUNHA ESTRELA

*Josefina Rodríguez Platas, David Rascado Rojo,
Constantino Cuesta Ibáñez, Andrés Espiñeira
Rodríguez, Eugenio Fernández Lago.
C. CUESTA, 2019*

Cinco voces da contorna conforman un poemario que vai do íntimo ao descriptivo.

ASSUR

*Francisco Narla
TEMAS DE HOY, 2012*

Ano do Señor 968. Atraídos polas riquezas dos reinos cristiáns da península ibérica, unha frota de terribles guerreiros nórdicos ameaza a floreciente Compostela, baluarte da Igrexa e a coroa. Ao seu paso só queda desolación. E a medida que remontan os ríos cos seus rápidos drekar, buscando a súa presa, tras eles deixan aldeas devastadas e cinzas fumarentas... A gran batalla librarase no estreito de Adóbrica —ubicada no libro na ría de Ferrol— con parte dos temibles drekar agochados nunha enseada que nós cremos que é Chanteiro...

O LAPIS DE ROSALÍA

*Antón Cortizas
XERAIS, 2015*

Rosalía ten seis anos. Cando fala, da súa boca saen bolboretas que pairan no ar moi alegres, dicindo palabras moi bonitas. E as súas mans tocan as cousas con seis caricias, e seis suspiros salaian á vez. Rosalía vai á escola, onde aprende a ler e a escribir. Un día acabóuselle o lapis, chegou á casa e díxolle ao pai: Papá, tesme que mercar outro lapis. Mais o novo lapis resultou ser moi distinto.

A VACA QUE PUXO UN OVO

*Andy Cutbill
PATAS DE PEIXE, 2017*

Este álbum ilustrado narra a historia dunha vaca chamada Marjorie que estaba moi triste porque era especial, non destacaba por nada. Contoullo ás súas amigas as galiñas e ao día seguinte aconteceu algo extraordinario: Marjorie puxera un ovo... Unha historia orixinal e divertida contada en verso. Recomendada para pequenos e grandes.



Cargadas dunha mensaxe espiritual do pasado, as obras monumentais dos pobos continúan sendo na vida presente o testemuño vivo das súas tradicións seculares. A humanidade, que cada día toma conciencia da unidade dos valores humanos, considéraos como un patrimonio común, e de cara ás xeracións futuras, recoñécese solidariamente responsable da súa salvagarda. Debe transmitilos en toda a riqueza da súa autenticidade.

En consecuencia, o II Congreso Internacional de Arquitectos e de Técnicos de Monumentos Históricos, reunido en Venecia do 25 ao 31 de maio de 1964, aprobou o seguinte texto:

Artigo 1.

A noción de monumento histórico comprende a creación arquitectónica illada así como o conxunto urbano ou rural que dá testemuño dunha civilización particular, dunha evolución significativa, ou dun acontecemento histórico. Refírese non só ás grandes creación senón tamén ás obras modestas que adquiriron co tempo unha significación cultural.

Fragmento da Carta de Venecia 1964.



**Rede do
Patrimonio
Cultural**



**Concello de
Mugardos**



**Deputación
DA CORUÑA**